



AXENCIA  
GALEGA DAS  
INDUSTRIAS  
CULTURAIS

MEMORIA 2021



XUNTA  
DE GALICIA















AXENCIA  
GALEGA  
DAS  
INDUSTRIAS  
CULTURAIS

MEMORIA 2021



XUNTA  
DE GALICIA

REALIZACIÓN Axencia Galega das Industrias  
Culturais

DESEÑO GRÁFICO Fausto Deseño Asociados

FOTOGRAFÍAS AGA/María Meseguer, Adán

Argibay, Rocío Cibes, Corsino, Xaime  
Cortizo, Xoán Crespo, Mila Ercoli, Manuel  
G. Vicente, Carlos Hermida, Esteban de  
la Iglesia, Manu Lago, Olalla Lojo, Mario  
Llorca, Conchi Paz, Laura Pose, Vanesa  
Rábade, Miguel Riopa, Javier Rosa, Ángel  
Sousa, Leticia T. Blanco, Damián Varela,  
Belén Vázquez, cesións externas e arquivo  
da Agadic

IMPRIME Alvanova

DEPÓSITO LEGAL C 794-2022

Santiago de Compostela, 2022

# AGADIC

Axencia Galega  
das Industrias Culturais

## MEMORIA 2021

**Axencia Galega das Industrias Culturais**

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades - Xunta de Galicia

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n

15707 Santiago de Compostela

Tel: 881 996 078 / 077

[agadic@xunta.gal](mailto:agadic@xunta.gal) | [www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)





No ano 2021, marcado polas dificultades derivadas da pandemia que nos tocou vivir, as industrias culturais galegas foron quen de reinventarse e de reactivarse ofrecendo unha ampla oferta audiovisual, escénica e musical que contou en todo momento co apoio da Xunta, a través de iniciativas como o Plan de Reactivación Cultural ou o Bono Cultura. A nosa prioridade foi sempre manter a actividade e o emprego e, en constante diálogo cos distintos axentes implicados, buscar respostas áxiles e certas ante unha situación inédita.

O percorrido cultural que nos ofrece esta compilación do labor desenvolvido pola Axencia Galega das Industrias Culturais ao longo do exercicio pon de manifesto os logros acadados grazas a ese esforzo colectivo e á máis que demostrada capacidade de resiliencia dun sector estratéxico para a economía e a cohesión social galega.

O empuxe de empresas e de profesionais, acompañado das múltiples medidas da Administración, permitiu reforzar a cultura como motor de desenvolvemento económico e de emprego directo e indirecto, xa que tamén asumiu un papel dinamizador en eidos como o turismo ou o comercio alí onde levou a súa actividade.

E todo isto co valor engadido de facelo como un sector referente na innovación e na creatividade, que contribúe tanto á proxección internacional da nosa cultura como á atracción de público cara a Galicia como destino de eventos culturais.

Sen dúbida, nos momentos de crise, as industrias culturais convértense nas perfectas aliadas para encarar o futuro con optimismo. Por unha banda, pola súa estreita vinculación social, como provedoras de coñecemento, de entretemento, de identidade e de progreso, e, por outra, porque conectan coa cidadanía e impulsan o tecido empresarial e económico do territorio.

Conscientes diso, presentamos esta memoria de actividade como un recoñecemento a todas as empresas, profesionais e entidades que nun ano complicado como o 2021 apostaron con nós por facer das actividades culturais un espazo seguro, e conseguir así que a nosa industria da cultura siga.

**Román Rodríguez González**

CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Presentámosvos a memoria de actividade da Axencia Galega das Industrias Culturais correspondente a 2021, coa que queremos contribuír a seguir difundindo o intenso labor desenvolvido polo sector cultural galego co apoio da Administración autonómica nese exercicio. Foi un período especialmente complicado por mor das restricións derivadas da pandemia da covid-19, porén o esforzo e a unión de todos os axentes implicados favoreceu a posta en marcha de medidas extraordinarias e o reforzo das existentes para paliar os efectos da crise sanitaria entre profesionais e empresas culturais. ■

Abordamos o ano de xeito diferenciado para as tres áreas que centran o noso traballo como axencia pública autonómica que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego: audiovisual, escena e música. En cada unha delas debullamos as diversas iniciativas de apoio á creación, con liñas específicas de axuda, e de apoio á difusión, con circuítos, redes e festivais tanto estables como puntuais, entre outras accións de dinamización.

No que se refire á nosa traxectoria interna, 2021 foi un ano cun fito de especial relevancia. Dotámonos dun novo **estatuto** que nos outorga maior capacidade de xestión e coordinación nas nosas competencias de servizo ás empresas galegas do sector. Coa nova norma, creouse unha área de Xerencia e un Departamento de Música e Danza, e oficializouse a nova denominación de Filmoteca de Galicia para o coñecido ata ese ano como Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI).

A nova estrutura orgánica adoptada enmárcase no compromiso manifestado pola Xunta de Galicia co eido cultural, que se viu tamén reflectido no noso orzamento, duplicado ata case 22 millóns de euros polas achegas dos fondos europeos para facerlles fronte aos efectos da covid-19 na industria cultural.

A posta en marcha do **Hub Audiovisual e da Industria Cultural**, creado con axudas financiadas ao 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe React-UE, e o deseño para a xestión nos meses posteriores das contías canalizadas a través do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR), tamén procedentes da UE, marcaron o exercicio económico.

No plano máis programático, o nacemento do Plan Integral para a Danza, da Bolsa de dramaturxia e creación, ou o impulso a novos

circuítos musicais e escénicos, foron algunhas das iniciativas realizadas en colaboración co sector que viron a luz neste contexto.

O carácter excepcional de 2021 reflectiuse tamén nas **15 liñas de subvencións** convocadas, unha das principais vías de apoio ao audiovisual, ás artes escénicas e á música. Deste xeito, achegóuselles liquidez a máis de 380 empresas culturais, entidades locais, asociacións e creadores individuais para a produción de filmes, a organización de festivais, a creación de novos espectáculos de artes escénicas, o mantemento da actividade das promotoras e das salas de música ao vivo, as xiras de formacións artísticas profesionais ou a promoción exterior da nosa cultura, entre outras propostas.

Neste marco de acción, o audiovisual galego foi o receptor de axudas a 109 proxectos en sete convocatorias, dúas delas postas en marcha por primeira vez: o fondo para a atracción de rodaxes co que botou a andar o Hub Audiovisual e a liña para salas comerciais de exhibición cinematográfica. Completan a relación as subvencións á produción e coprodución audiovisual de contido cultural galego, a festivais, á promoción do talento audiovisual a través da escrita de guións e a realización de curtas e longametraxes, ao desenvolvemento de proxectos e á comercialización e difusión en mostras e foros de negocio especializados. Beneficiáronse 75 empresas, entidades e cineastas.

No ámbito da escena, contabilizáronse 64 beneficiarios para levar a cabo 107 propostas de creación e distribución de espectáculos, festivais e salas privadas. A eles súmanselles os 166 concellos subvencionados no marco do programa Cultura no Camiño.

Na industria musical houbo seis liñas de subvención dirixidas a festivais, distribución de concertos, produción fonográfica e as convocatorias extraordinarias enmarcadas na programación

do **Xacobeo 21-22**, ademais da actividade musical de Cultura no Camiño. As beneficiarias foron 81 empresas e entidades que sumaron 123 actividades.

O sector musical foi un dos máis beneficiados polas liñas canalizadas con cargo a fondos do Xacobeo, xa que programas tan relevantes como o reforzo dos patrocinios para os festivais adheridos á marca FEST Galicia, ou a posta en marcha dos novos ciclos *Propulsa Danza + Paisaxe + Patrimonio*, *Música en salas*, *Comicamente* e *O país das bandas* puideron levarse a cabo como citas destacadas dentro do programa cultural do dobre Ano Santo.

Neste sentido, a celebración do Xacobeo supuxo un importante pulo para toda a actividade do ano 2021, cunha programación específica que impulsou novas propostas e reforzou outras xa existentes nunha aposta de diversificación e descentralización da oferta.

Convidámosvos a afondar a través desta memoria de actividade en todas estas iniciativas e en moitas outras que marcaron o ano cultural 2021 en Galicia.



A DJ is performing at a club. The scene is dimly lit with vibrant blue light. A large plume of white smoke or fog fills the background, partially obscuring the DJ. Several circular light fixtures are visible, some emitting a grid of small lights. The overall atmosphere is energetic and modern.

AGADIC  
MEMORIA  
2021



## Axencia Galega das Industrias Culturais

### CONSELLO REITOR

#### Presidente

**Román Rodríguez González**

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia

#### Vogais

**Jacobo Sutil Nesta**

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

**Jorge Atán Castro**

Secretario xeral técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública

**Manuel Vila López**

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

**Anxo M. Lorenzo Suárez**

Director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

**Fernando Guldrís Iglesias**

Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

### ORGANIGRAMA

#### DIRECCIÓN

Jacobo Sutil Nesta

#### COORDINACIÓN XERAL E XERENCIA

María Á. Antón Vilasánchez

#### DEPARTAMENTO DE XESTIÓN

María José Felípez Regueira

#### DEPARTAMENTO DE FOMENTO E PROMOCIÓN DE POLÍTICAS CULTURAIAS

María Teresa de Arcos Rey

#### DEPARTAMENTO DE POLÍTICA AUDIOVISUAL

María Dolores Meijomín Rodríguez

#### DEPARTAMENTO DE PRODUCCIÓN TEATRAL

Francisco Javier Núñez Alonso

#### DEPARTAMENTO DE MÚSICA E DANZA

María del Pilar Portela Vázquez



# Sumario

21

## 1 | Audiovisual

- Apoio á creación
- Apoio á difusión
- Formación
- Hub Audiovisual e da Industria Cultural
- Outras accións

43

## 2 | Escena

- Apoio á creación
- Apoio á difusión
- Formación e innovación
- Outras accións de dinamización
- Producións e coproducións

67

## 3 | Música

- Apoio á produción
- Apoio á difusión e distribución
- FESTIVAIS
- SALAS DE CONCERTOS
- PROGRAMACIÓN ESPECIAL
- XACOBEO 21-22
- OUTROS CIRCUITOS DE DIFUSIÓN
- Formación e innovación
- Outras accións
- GALICIAN TUNES

89

## 4 | Accións transversais

- Culturalgal
- Guía legal para autores e artistas de Galicia
- Foro Feed 2021

97

## 5 | Anexos

- 1. Liñas de subvención
- 2. Convenios
- 3. Programación de espectáculos













1 | AUDIOVISUAL









No marco das industrias culturais, o sector audiovisual xoga un papel fundamental na promoción non só da cultura, senón de Galicia como estudio de cine e como destino turístico. O mesmo xornal *The Guardian* destacaba as cualidades do territorio galego para o cinema nunha reportaxe publicada a comezos de 2021. Conscientes desta realidade, o noso labor de apoio ao audiovisual galego ten como eixe fundamental o impulso á creación, con axudas á produción, ao desenvolvemento e ao talento, e á difusión en salas e festivais de dentro e fóra de Galicia. Neste sentido, as liñas de axudas existentes reforzáronse e ampliáronse ante as especiais dificultades ás que se enfrontaron as empresas do sector por mor da crise sanitaria. ■ A nosa defensa do audiovisual materializouse tamén cun importante fito en 2021: a creación do Hub Audiovisual e da Industria Cultural, co obxectivo de reforzar Galicia como referente competitivo e de funcionar como punto de encontro.





### 1.1 Apoio á creación

En 2021 impulsamos a posta en marcha de 22 novos títulos de cinema e televisión doutras tantas empresas galegas a través das **axudas para producións e coproducións** audiovisuais, dotada con 2,5 millóns de euros. Trátase da convocatoria de subvencións cun maior orzamento e foi a primeira en publicarse e resolverse. Deste xeito, apostamos pola dinamización do audiovisual galego nun momento de gran visibilidade para o sector, que pese á pandemia sanitaria mantivo o nivel de actividade canto a rodaxes e estreos, conseguiu unha alta captación de fondos doutras administracións e obtivo recoñecementos en festivais de primeiro nivel.

Nesta liña cómpre salientar as melloras introducidas en 2021 co aumento das porcentaxes máximas de axudas que poden recibir as curtametraxes, as películas rodadas integramente en galego, as realizadas por mulleres, as de dirección novel cun orzamento superior a 1,5 millóns de euros, as dirixidas por profesionais cunha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33%, os documentais cinematográficos ou os traballos de animación cun orzamento máximo de 2,5 millóns de euros. Adaptámonos así á posibilidade aberta pola novo regulamento estatal de desenvolvemento da Lei do cine. Trátase de fitas que, polas súas especiais características, son definidas a nivel europeo como obras difíciles canto ao seu financiamento, realización e distribución.

Dos 22 títulos beneficiados, 13 son longametraxes cinematográficas. É o caso de *As Neves*, dirixida por Sonia Méndez; *Un pasado por diante* (Quien a Hierro Mata AIE), debut da realizadora Olga Osorio en longa duración; *La Parra* (FilmiKa Galaika), dirixida por Alberto Gracia; *Fatum* (Vaca Films), por Juan Galiñanes; ou o documental *Dúas vellas, sete gatos, tres máquinas de coser*, coprodución galego-portuguesa encabezada por Agallas Films e con Marta Pérez Pereiro na realización.

Figuran ademais *Sica*, de Miramemira, que se rodará en Galicia baixo a dirección de Carla Subirana; *Salvaxe, salvaxe*, de Xiana do Teixeiro; *Calada*, de Viva Zapata y Villar; *RAPA*, de RAPA a Película; *Hoxe e o resto do mundo*, de Matriuska Producciones; *O Capitán*, de VizualsLab, e *2084*, de Somadrone Films. Completa a listaxe a longa de animación *Chica e Lobo*, presentada por Sygnatia.

No ámbito televisivo, apoiamos tres proxectos. Trátase da coprodución con Portugal *Operación Marea Negra*, un thriller de catro episodios para Amazon Prime Vídeo con Daniel Calparsoro na dirección, así como as series de animación para público infantil *O diario de Alicia* e *Trokers o noso mundo está nas súas mans*.

Canto ás curtametraxes, as sete beneficiarias das axudas son *O affair*, (Pulsa Control Z), de Enrique Otero; *Alicia fai cousas*, de Ángel Santos; *Habitar* (Sétima) de Anxos Fazáns; *Madalenas* (Gaitafilmes); de Félix Brixel; *Túa será a terra* (Rebordelos), de Xacio Baño; e *Nena* (Undodez) de Xosé A. Touriñán e Jairo Iglesias.

A maiores queremos salientar diversas **estreos** que tiveron lugar ao longo de 2021 e que contaron co noso apoio. É o caso das seguintes longametraxes de ficción:





**Cuñados.** Producida por Alfonso Blanco para Portocabo, con dirección de Toño López e guión de Araceli Gonda. Trátase dunha comedia interpretada por Xosé A. Touriñán, Miguel de Lira, Federico Pérez Rey, Eva Fernández, Iolanda Muiños, María Vázquez e Mela Casal. Conta as peripecias delitivas de tres cuñados unidos polo azar e embarcados nun plan disparatado para salvar o que máis queren: a familia.

**¿Qué hicimos mal?** Producida por Matriuska Producciones, Avalon PC e Miss Wasabi Films, con dirección e guión de Liliana Torres que se interpreta a si mesma para repasar a súa vida amorosa. Xunto a ela figuran como intérpretes Xúlio Abonjo, Kilian Quincoces, Massimiliano Davoli, Luis Velázquez e Adrián Ríos. A protagonista percorre diferentes lugares para gravar entrevistas cos seus exnoivos. Nos encontros comentan que saíu mal na relación, nunha valente viaxe de autocoñecemento con momentos de humor.

**Tres.** Producida por Frida Films, Manny Films e M-Films. Con Juanjo Giménez como director e coguionista xunto a Pere Altimira, está interpretada por Marta Nieto, Miki Esparbé, Francisco Reyes, Luisa Merelas, Cristina Iglesias, Fran Lareu, Julius Cotter, Carmen Méndez e Iria Parada. Unha deseñadora de son pasa moitas horas soa co seu traballo como refuxio onde postergar as avariadas relacións que ten coa súa nai, a súa exparella e os seus compañeiros. Sen decatarse está comezando a desincronizarse e o seu cerebro procesa o son máis tarde cas imaxes.

**Valentina.** Producida por Abano Producións, Antaruxa e El Gatoverde Producciones. Película de animación con Chelo Loureiro como directora e coguionista con Lúa Testa. Valentina soña con ser trapecista e cre que por ser Down non poderá conseguilo. Pero a súa avoa, compañeira de xogos, aprendizaxes e cancións, lle asegura que se os vermes poden converterse en bolboretas non hai nada imposible e que nunca debemos perder a ilusión nin as ganas de aprender. Como ela mesma fai para converterse en directora de orquestra, aínda coa súa idade.

**María Solinha.** Producida por Vía Láctea Films e a Televisión de Galicia. Con Ignacio Vilar como director e coguionista xunto a Esther F. Carrodegas e Ermel Morales, está interpretada por Grial Montes, Laura Míguez, Santi Prego, Mabel Rivera, Antonio Durán 'Morris', Mela Casal, Alfonso Agra, Fran Lareu, Fernando González, Melania Cruz e Sheyla Fariña. Un afamado director chega a Cangas do Morrazo para reconstruír no teatro a historia de María Solinha, acusada de bruxería e queimada pola Inquisición. A protagonista da obra de teatro sofre, no século XXI, acedos ecos da agresión que padeceu María Solinha no século XVII.

A elas súmanselles dúas longametraxes documentais:

**Clown's Planet.** Documental de Héctor Carré producido por Sun Lúa e interpretado por Iván Prado, Patch Adams e Leo Basi. Descómbrenos a visión e a particular loita dos pallasos activistas que utilizan a risa e o humor como arma contra as inxustizas no mundo

**Nación.** Documental de Margarita Ledo Andión producido por Nós Produtora Cinematográfica Galega e interpretado por Nieves Pérez Lusquiños, Manuela Nóvoa Pérez, Ester García Lorenzo, Carmen Portela Lusquiños, Carmen Álvarez Seoane, Mónica Camaño, Mónica de Nut, Laura Martínez Iglesias, Xoana Pintos e Eva Veiga. A través das enérxicas e carismáticas mulleres da fábrica de cerámica de A Pontesa, Margarita Ledo Andión constrúe un relato dunha loita inconclusa.

Ademais da presentación das curtametraxes:

**A comuñón da miña prima Andrea.** Producida por Filmes de Pedra, con dirección e guión de Brandán Cerviño Abeledo e con Andrea Abeledo Rodríguez como protagonista. A voz dunha nena comenta a súa primeira comuñón ante as preguntas un tanto indiferentes de alguén que quere facer algo con esas imaxes. Quizais convertelas nun vídeo ou mesmo nunha curta.

**Augas abisais.** Producida por Rebordelos, con dirección e guión de Xacío Baño e intervencións de Josefa Cociña Balsa e Rafael Bañón. Os fondos mariños, tan insondables poden tamén ser a metáfora da nosa historia oculta, quizais dos intersticios da Guerra Civil que nunca se nos contaron.

**Aura.** Producida por Chelo Loureiro con dirección e guión de The Also Sisters (Sonia e Miriam Albert-Sobrino) e interpretación de Bárbara Grandío. Creación sobre o medio natural na que a Terra, ao borde da súa propia execución, case derrotada é testemuña desvalida das atroces accións dos seus habitantes máis ingratos.

**O son da balea.** Producida por Belle Films e Dorna Films, con Daniel Suárez Rubini como director e coguionista xunto a Javier Trigales. O reparto está composto por Isabel Naveira, Denis Gómez, César Cambeiro, María Fariñas e Giuliano Lancelotti. Naia regresa á illa da súa infancia para enfrontarse a un escuro pasado rodeada de cantos de baleas.

Canto ás series, a comezos de 2021 estreouse **3 Caminos**, a grande aposta audiovisual da Xunta para o Xacobeo 21-22. Este proxecto de Ficción Producciones contou co noso apoio a través dunha achega de 1,5 millóns de euros. A través del e da man de Amazon Prime Vídeo leváronse os valores do Camiño de Santiago a 240 territorios, cunha audiencia potencial de 200 millóns de persoas. A serie narra a vida de cinco amigos de diferentes nacionalidades unidos pola ruta xacobeana en tres épocas distintas, 2000, 2006 e 2021. Norberto López Amado, Franziska Meletzky e Ignacio Mercero dirixen esta mestura de comedia e drama protagonizado por Andrea Bosca, Álex González, Verónica Echegui, Alberto Jo Lee e Anna Schimrigk.

O impulso á fase de preproducción de filmes e series para cine e televisión cara á súa rodaxe en vindeiros anos é outra das nosas prioridades no marco das axudas ao sector audiovisual. Con este motivo, en 2021 incrementamos o orzamento destinado a estas axudas un 15% máis que no ano anterior, acadando





300.000 euros. O obxectivo é acompañar as produtoras desde a fase inicial dos proxectos, que nalgúns casos tamén se beneficiaron da liña a prol do desenvolvemento do talento e poderán optar no futuro ás destinadas á produción e coprodución, e á distribución.

Así, na última convocatoria de apoio ao desenvolvemento beneficiáronse 17 novos proxectos audiovisuais de produción galega, dos que cómpre salientar o peso das direccións noveis, ás que corresponden nove dos proxectos seleccionados. Trátase, no caso das longametraxes e series de ficción, de *As defensas*, presentado por A Cósmica Producións para ser dirixido por Lucía Estévez; *Só o ruído pode salvarnos*, con produción de Ángel Santos e Santos Díaz na realización; *Vidas perras*, de Xavier Font con Giselle Llanio; *A cotío*, de Fronda Galega de Sonido con Noemí Chantada; *Onte á noite conquistei Tebas*, de Filmika Galaika con Gabriel Azorín; e as propostas de Matriuska Producións *A Liá, as pedras de papel*, co realizador Samuel Lema, e *O pesadelo das vacas*, con Rafael de los Arcos.

Tamén contan con dirección novel dous dos catro proxectos subvencionados na categoría de documentais: *A barreira de cristal*, de Ollo Vivo con Nerea Barros, e *Nunca te rindas*, de Danga Danga Audiovisuais con Marta Eiriz.

Outros proxectos beneficiados na listaxe na modalidade de ficción foron *Tralovento*, de Zeitun Films co realizador Eloy Domínguez; *+ Cuñados*, de Portocabo TV con Toño López; *A lúa en setembro*, de Ollo Vivo con Jorge Coira; *Nus*, de Voz Audiovisual con Giselle Llanio, e *La noche es mía*, de Vaca Films con Pedro C. Alonso. Na de documentais figuran tamén *Xalundes*, de Rebordeiros con Xacio Baño, e *Golpear un coloso*, de Recrea Films con Marcos Nine, e, na de animación, *O loro de emperador*, de Abano Producións con Miguel Anxo Prado e Nani García.

Canto ao **desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego**, un ano máis, reforzamos o noso apoio cun maior orzamento para esta liña de axudas e coa incorporación de novas categorías destinadas a curtametraxes e webseries xa realizadas. Deste xeito, en 2021 a dotación ascendeu a 194.000 euros e beneficiou 19 novos proxectos, dos que seis son guións para longametraxes, oito curtametraxes, tres longas de dirección novel e dúas webseries.

Os 30.000 euros para proxectos de escrita de guión distribuíronse con iguais contías entre *Baixo risco* de Helena Girón, *O paso das formigas* de Sara Traba, *As aspís* de Berio Molina, *Invernadoiro* de Daniel D. García, *Terás que saltar* de Irene Pin; e *Maluca* de David Alonso González.

A categoría de curtametraxes dotouse con 44.000 euros, dos que 36.000 foron para a submodalidade de curtas en proxecto. Neste eido as seleccionadas foron *Gran Sol* de Adrián Canoura, *Desembocadura* de Dani Viqueira, *Caderno* de Ana Domínguez, *Maloserá* de Santiago D. Risco, *Xineceo* de Laura Cotelou Bouzas e *Nese momento o amor foi escuro e só puiden chorar* de Aldara Pagán. Por outra banda, a través da nova



categoría para atender curtas en construción, beneficiáronse *Anatomía dunha serea*, de Belle Films and TV e dirixida por Adriana Páramo, e *Somnia*, de Coven Films e realización de Diego R. Aballe.

Nas longas de dirección novel, os 90.000 euros previstos foron para *A unidade componse da desorde*, de Álvaro Liste; *Ödland*, con produción de Milpinton Filmes e dirección de Otto Roca, e *Aurora*, de Gaitafilmes e con Area Erina na realización. Finalmente, as destinatarias dos 30.000 euros da nova modalidade de webseries foron *A arte de ser (mal) pai*, de Miraveo Assets e dirixida por Jorge Boquete, e a segunda temporada de *Amnesia 3.0*, de Aqueladas e a directora Irene Pin.

## 1.2 Apoio á difusión

No eido do apoio á difusión, en 2021 puxemos en marcha unha nova convocatoria de subvencións, dirixida á **exhibición cinematográfica** e dotada con 350.000 euros. Dela resultaron beneficiarias 15 empresas para o desenvolvemento de proxectos en 21 salas de cine de 13 localidades, co que se lles deu resposta a todas as propostas e contías solicitadas. O obxectivo da medida, consensuada co sector, é contribuír á viabilidade deste tipo de espazos e reducir o impacto da crise sanitaria na súa actividade.

As salas que recibiron as axudas foron Cines Avenida de Caldas de Reis; Cantones Cine, Cinesa Marinada, e Cines Yelmo Espacio Coruña e Los Rosales da Coruña; Dúplex de Ferrol; e Codex Cinema e Cines Cristal de Lugo. A estas súmanselles Cines Pontevedra de Ourense, Cinexpo Vialia de Pontevedra, Cines Ribadeo, Cinesa As Cancelas e Númax de Santiago de Compostela; Cines Salesianos, Gran Vía, Praza Elíptica e Yelmo de Vigo; Cines Gran Arousa de Vilagarcía, Cines Viveiro, Cine Gesma de Xinzo de Limia e Minicines Central da Estrada.

Tamén a prol da difusión, un ano máis mantivemos o compromiso cos **festivais galegos do sector audiovisual** a través da nosa liña de axudas específica, dotada en 2021 con 200.00 euros, un 5% máis que no ano anterior. Deste xeito, seguimos incrementando o orzamento destinado a estes eventos, que non deixou de medrar desde a súa creación, en 2015. O apoio responde ao recoñecemento do carácter estratéxico dos festivais como motores de dinamización cultural, económica e turística nas áreas xeográficas que os acollen.

**16º MICE. Mostra Internacional de Cinema Etnográfico** (6-10 de abril). Organizada polo Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela, desenvolveuse dando a coñecer os últimos e máis salientables traballos no eido da antropoloxía audiovisual. Ofreceu unha vintena de proxeccións, ademais de actividades paralelas, como un obradoiro e unha exposición.

**(S8) XII Mostra Internacional de Cinema Periférico** (28 de maio-6 de xuño). Desenvolvido pola ESEB Asociación Cultural en diferentes espazos da Coruña, como a Filmoteca de Galicia. Combinou





30 proxeccións presenciais e en liña, así como actividades didácticas, expositivas e encontros profesionais.

**XVIII Festival de Cans de Cur-tametraxes** (1-4 de setembro no Porriño). Xunto coa selección de curtas e demais proxeccións, como a estrea en salas de *9 Fugas* de Fon Cortizo e a premiere absoluta *El tiempo es libre* de Fernando Epelde, sobresaen no programa os recoñecementos a nomes clave do audiovisual galego, como o director e guionista Jorge Coira ou o actor Tamar Novas, entre outros.

**6º Festival Internacional de Curtametraxes de Verín** (4-12 de setembro) promovido polo Concello e pola Deputación de Ourense con máis de 30 curtas dunha ducia de países no concurso oficial, proxeccións paralelas e unha homenaxe ao actor e comunicador Sergio Pazos. Ademais, por primeira vez incluíu exhibicións en liña.

**Festival Primavera do Cine** (7-12 de setembro). Celebrado en Vigo, chegou á súa décima edición cun programa arredor dos habituais bloques de cinematografía galega e lusófona, aos que se engadiu unha nova sección de curtas para público infantil xunto a outras propostas.

**Festival Carballo Interplay 2021** (8-11 de setembro). Desenvolvido arredor dunha sección oficial, con traballos chegados desde unha decena de países e que inclúe un apartado específico para as series en versión orixinal galega. Na súa ampla oferta complementaria cómpre salientar o primeiro encontro transversal de creación galega en liña e a recuperación da programación profesional, con Portugal como país convidado.

**Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu** (10-19 de setembro). Nesta 14ª edición ofreceu nove seccións, tanto competitivas como paralelas, e actividades complementarias como formación, concertos, faladoiros, presentacións ou emisións radiofónicas.

**43ª Semana de Cine de Lugo** (20-25 de setembro). Artellada arredor de 11 seccións, unha delas de cine galego con 22 títulos, ademais de conferencias, debates e presentacións. Rendéuselles homenaxe ao actor Luís Iglesia e ás figuras de Luis García Berlanga e de Emilia Pardo Bazán. Ademais, tivo especial protagonismo o Camiño de Santiago, entre outras propostas.

**XVII Play-Doc Festival Internacional de Documentais de Tui** (22-26 de setembro) Da man da Asociación Cultural Enfoques, recuperou a dimensión internacional, ademais de seguir tendo presenza destacada o audiovisual galego e de ofrecer diversas propostas audiovisuais e musicais complementarias.

**Galician Freaky Film Festival 5Edition** (29 de setembro-2 de outubro). Ofreceu en Vigo unha selección de títulos que non soen figurar nas canles habituais de distribución, con nove bloques de curtas, a sección *Pequefreak* e proxeccións de *Evil Dead*, entre outras.

**Festival Internacional de Cinema Curtocircuíto 2021** (2-10 de outubro). Desenvolveuse en Santiago de Compostela con 39 títulos procedentes de 21 países na sección oficial, ademais de apartados para producións galegas e españolas destacadas, seis seccións paralelas e outras especiais, así como concertos, actividades e diferentes eventos.



**Festival de Cine Inclusivo de Vigo** (12-16 de outubro). Nesta sexta edición incorporou unha sesión específica con sete curtas arredor da discapacidade que se suma á habitual sección de curtas audiodescritas e subtituladas. Ademais homenaxeou a Xavier Bermúdez, primer director español en rodar un filme cun protagonista con síndrome de Down.

**Intersección-Festival de Arte Audiovisual** (22-31 de outubro). Desenvolvido na Coruña, contou por primeira vez cunha liña temática reflexionando sobre o urbano, a cidade e a arquitectura, coa sección *Trazados, tránsitos e cidadelas*, xunto á dedicada a Antoni Muntadas ou *Planetario*.

**Novos Cinemas- Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Ed 05** (14-19 de decembro). Foi a última cita das que apoiamos no ano. Incluíu dúas seccións competitivas con 13 obras seleccionadas e unha ampla oferta complementaria de difusión, formación e acompañamento do talento audiovisual emerxente.

A maiores colaboramos co **Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF)** a través dun convenio coa Fundación Carlos Velo, organizadora desta cita co apoio da Deputación de Ourense. Na súa 26 edición, desenvolvida do 24 de setembro ao 2 de outubro, ofreceu un programa de 71 películas de 24 países con 16 estreas. Incluíu tamén diversas actividades paralelas, como obradoiros, homenaxes a Luis García Berlanga e a Fernando Fernán Gómez polos seus centenarios, exposicións, música ou rutas pola provincia ourensá.

Outro dos piares no noso labor de difusión é o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), inaugurado na Coruña o 15 de marzo de 1991. En 2021 celebramos o seu 30 aniversario e quixemos reforzar o seu traballo arquivístico, de recuperación e dixitalización de fondos fílmicos converténdoo na **Filmoteca de Galicia**. Con esta nova denominación iniciamos o proceso para situar o centro en liña coas principais figuras análogas a nivel estatal e internacional, coas que colabora de xeito habitual.

Tamén co gallo da celebración, bautizamos a sala de proxeccións co nome de José Sellier, en homenaxe a este pioneiro do cinema en Galicia, que a finais do século XIX realizou as primeiras exhibicións de cinematógrafo no seu estudo da Coruña con moitas gravacións da súa propia autoría. Outro fito enmarcado na efeméride foi a entrega do Arquivo Navantia, un dos últimos traballos de recuperación documental realizados polo CGAI. Trátase dun cento de películas datadas entre os anos 1951 e 1982 arredor dos antigos estaleiros ferroláns de Bazán e Astano.

Ademais das habituais seccións *Off Galicia*, *Fóra de Serie*, *Desencadres* e *Filmoteca Júnior*, estables durante todo o ano, a carteleira da Filmoteca de Galicia incluíu en 2021 numerosos ciclos dedicados a cineastas de diferentes nacionalidades e estilos. Xaneiro arrincou cunha completa retrospectiva do icónico director hongkonés Wong Kar-wai, de quen se ofreceron sete filmes en 14 pases ata abril. Previase continuar tamén coa retrospectiva sobre o cine negro de Robert Siodmak e coa sección *Pensando en cine, pensando en Galicia*, comisariada por Antón Reixa, iniciadas en 2020. Porén, o peche das salas por mor da pandemia impediu ofrecer todas as sesións.





A actividade retomouse xa a finais de febreiro coa recuperación das exhibicións adiadas. En marzo chegou o ciclo *Olladas de muller*, que incluíu a preestrea da película *Nación* da directora luguesa Margarita Ledo Andiñón, beneficiaria das axudas á produción audiovisual da Xunta. A iniciativa, organizada en colaboración co Consello da Cultura Galega, ofreceu seis títulos de diferentes nacionalidades de autoría feminina. Ademais, comezou outro novo ciclo dedicado a Mani Kaul, un dos principais representantes do novo cinema indio.

As mulleres foron tamén protagonistas da carteleira en abril, cos ciclos dedicados ás filmografías da pioneira do cinema Dorothy Davenport Reid e da artista multidisciplinar Nancy Holt.

Maio centrouse nos filmes galardoados nos premios do audiovisual galego Mestre Mateo. Así, grazas á colaboración coa Academia Galega do Audiovisual (AGA), exhibíronse *Ons*, de Alfonso Zarauza, *Nación*, de Margarita Ledo Andiñón, *Xoves de Comadres*, de Noemí Chantada, *Carne*, de Camila Kater e *Xan*, de Lucía Estévez e Miguel Canalejo. Xunto a estes filmes, houbo tamén os ciclos *Esenciais: Eric Rohmer*, con motivo do centenario do máis vello dos membros da *Nouvelle vague* e *Jean-Claude Rousseau: a luz reflectida a través das cousas*, primeira mostra integral das películas en Súper-8 do cineasta francés.

O mes rematou coa primeira das catro sesións enmarcadas na (S8) *XII Mostra Internacional de Cinema Periférico*, da que a Filmoteca de Galicia foi unha das sedes no marco da nosa colaboración con este evento organizado por ESE8 Asociación Cultural.

Xuño púxolle o peche á temporada de exhibicións con novos títulos dos ciclos iniciados o mes anterior, centrados en Eric Rohmer e nas pioneiras do cine, e das series con continuidade.

A programación volveu en setembro coas seccións habituais e cun ciclo dedicado ao cineasta francés François Truffaut, un dos impulsores da *Nouvelle vague*. Ademais, no marco da colaboración co Festival Play-Doc de Tui, durante dúas xornadas exhibíronse seis filmes da norteamericana Bette Gordon, quen participou no encontro audiovisual tudense.

En outubro a Filmoteca de Galicia sumouse á celebración do Día do Cine Español con dúas sesións de *Esa pareja feliz*, película codirixida por Luis García Berlanga e Juan Antonio Bardem. A data de remate da rodaxe deste título, 6 de outubro de 1953, determinou a efeméride instaurada en marzo de 2021 polo Ministerio de Cultura e Deporte para o recoñecemento da profesión de cineasta e do valor patrimonial do cinema.

A cinemateca galega pechou 2021 inmersa na renovación integral da cabina e da sala de proxeccións, cun investimento superior aos 110.000 euros. O obxectivo desta modernización das instalacións é a mellora das condicións de uso tanto para o público como para o persoal.

En total, a Filmoteca de Galicia ofreceu ao longo do ano 191 filmes enmarcados nos diferentes ciclos. Deles, 29 exhibíronse no marco das 13 sesións de *Off Galicia*, a maioría curtas, 17 no de *Fóra de Serie*, con 23 países, e 36 na sección *Desencadres*. Pola súa banda, *Filmoteca Júnior* sumou catro títulos. Cómpre sinalar que moitas das sesións estiveron acompañadas de presentacións e faladoiros coa participación



das persoas que dirixiron as pezas ou expertas no eido audiovisual.

Xunto ás sesións realizadas na sede da Coruña, a Filmoteca de Galicia conta cunha **progra-**

**mación estendida** a través da colaboración cos cineclubs Valle-Inclán de Lugo, Padre Feijoo de Ourense, Pontevedra e Lumière de Vigo. En 2021 estes espazos exhibiron unha escolma de 18 títulos en 26 países. O obxectivo da iniciativa é a descentralización e maior difusión entre o público das películas que conforman a carteleira da cinemateca.

Neste mesmo marco de acción cómpre salientar o convenio coa Federación de Cineclubs de Galicia (Feciga) para achegarlles programacións cinematográficas a 13 localidades galegas. A programación do ano artellouse arredor de 12 ciclos e sete semanas de cine que tiveron lugar nos cineclubs Pontevedra, Lumière de Vigo, Adegas de Vilagarcía de Arousa, Cangas, Poleiro de Goián, Bueu, Padre Feijoo de Ourense, Groucho Marx do Barco de Valdeorras, O Carballiño, A Lanterna de Viana do Bolo, Valle-Inclán de Lugo, Val Miñor e Os Papeiros de Chantada.

O acordo supón unha achega económica para deseñar carteleiras arredor de temáticas concretas ou con carácter temporal e manter así un programa estable e de calidade nos cineclubs galegos, ao tempo que contribúe á difusión e creación de públicos para o cinema.

A maiores, desde a Agadac apoiamos cada ano a **difusión exterior** do audiovisual galego a través dos catálogos *Shorts from Galicia*, centrado en curtametraxes, e *Films from Galicia*, así como cunha liña de axudas para a difusión de filmes no circuíto internacional de festivais.

**Shorts from Galicia 2021** incluíu as curtametraxes *A loba*, de Iria Silvana, *Augas abisais*, de Xacobe Baño, *Homeless home*, de Alberto Vázquez, *Os corpos*, de Eloy Domínguez Serén, *La penumbra*, de Dani Viqueira, e *Vestiges (An Archipelago)*, de Enar de Dios Rodríguez, así como os avances de *Ningún río me protexe de min*, de Carla Andrade, *Ratatouille*, de Sol Mussa, e *Rompente*, tamén de Eloy Domínguez Serén. Para favorecer o seu visionado en liña, contou por primeira vez cun formato máis amplo e novos contidos, como o acceso aos video-pitching nos que os propios directores explican as súas creacións. Ofreceuse tamén o visionado para axentes culturais, baixo demanda e previa solicitude de contrasinal.

A súa difusión internacional arrincou xa a finais de xaneiro, coa participación no Festival de Court Métrage de Clermont-Ferrand, desenvolvido en liña, de *Os corpos*, *Augas abisais* e *Homeless home*. Ademais, neste encontro establecemos unha ampla axenda de xuntanzas con representantes de destacados festivais internacionais para presentarlles o novo catálogo. Profesionais e películas de máis de 60 países déronse cita na plataforma habilitada para proxeccións, presentacións, reunións e masterclass, entre outras actividades.





*Films from Galicia 2021* publicouse nunha edición dixital interactiva con 63 producións e proxectos de cinema e televisión para a súa promoción nos principais mercados e foros internacionais do sector, cos axentes de vendas e distribuidores como destinatarios. O vídeo de presentación estreouse na cerimonia de entrega dos Premios Mestre Mateo e proxectouse en salas de cine de titularidade galega nunha versión reducida.

Trátase dun catálogo que incluíu a meirande parte da recente produción audiovisual do país, tanto completada como en proxecto. As obras, entre as que figuran varios filmes con recoñecementos nos ámbitos nacional e internacional, así como series televisivas de éxito, clasifícanse en catro grandes seccións, organizadas con cadanseus títulos segundo o momento da produción no que se atopaban cando se publicou o catálogo:

*Pics*, con 14 longametraxes de ficción en desenvolvemento e nove rematados. Estes son *Cuñados*, *Jacinto*, *9 Fugas*, *María Solinha*, *Ons*, *Lúa vermella*, *Hasta el cielo*, *A illa das mentiras* e *Eles transportan a morte*.

*Docs*, con 11 documentais en proxecto e 12 realizados, que son: *A Cero.5*, *Alén da Terra*, *No somos nada*, *Escribir o imposible*, *Clown's Planet*, *Eu tamén necesito amar*, *El futuro de la mente*, *Nación*, *Resonancias do pasado*, *O gran Camiño*, *A poeta analfabeta* e *A virxe roxa*.

*Toons*, con cinco títulos de animación de próxima estrea.

*TV series*, con oito producións rematadas. Trátase de *3 Caminos*, *Chegar a casa*, *Auga seca*, *Hierro*, *O sabor das margaridas*, *Método criminal*, *La Unidad* e *A lei de Santos*. Xunto a elas figuran catro que o farán proximamente.

As fichas de cada un dos traballos inclúen datos dos equipos, sinopses argumentais e contactos internacionais de cada produtora, así como os principais apoios obtidos polos proxectos, entre os que destacan os recibidos pola Xunta a través das diferentes liñas de axudas ao sector.

Por outra banda, neste marco de acción de apoio á difusión exterior do audiovisual galego, en 2021 facilitámoslle a unha decena de filmes a presenza no **circuíto internacional de festivais de cine** co obxectivo de poñer en valor o traballo de creación e produción, así como situar a nosa Comunidade no mapa cinematográfico internacional. Ao abeiro desta medida, dotada con 60.000 euros, nove produtoras galegas promocionaron os seus traballos en certames como Cannes, Venecia, Toronto, Bos Aires, San Sebastián, Málaga, Sevilla ou Sitges, entre outros, nos que varios deles resultaron premiados.

No Festival Internacional de Cine Fantástico de Sitges apoiamos as campañas de dúas das fitas neste palmarés, *Jacinto*, de Javi Camino con produción de Vizuals Lab, e *Tres*, coproducida por Frida Films e dirixida por Juanjo Giménez. Esta última tamén recibiu apoio para a Biennale de Venecia. Neste mesmo festival estivo Filmika Galaika con *Eles transportan a morte* de Helena Girón e Samuel M. Delgado, fita presente, ademais, no Festival de San Sebastián. Outras citas nas que participou esta produtora foron o Bafici de Bos Aires e o Festival de Curtametraxes de Clermont-Ferrand, con *Os Corpos* de Eloy Domínguez

Serén, e a Quincena de Realizadores do Festival de Cannes e o Festival Internacional de Cine de Toronto, con *Sycorax*, de Lois Patiño e Matías Piñeiro.

Xunto a estes títulos beneficiáronse da medida *Augas abisais*, de Xacio Baño, para a súa exhibición en Clermont-Ferrand e no Festival de Cine Español de Málaga; *Ningún río me protexe a min*, traballo experimental de Carla Andrade que exhibiu no Zinebi-Festival Internacional de Cine Documental e Curtametraxe de Bilbao; ou *Miguel's war* da libanesa Eliane Raheb coproducido por Zeitun Films, que pasou pola Berlinale e o Festival de Cine Europeo de Sevilla. Neste certame participou tamén *¿Qué hicimos mal?*, de Liliana Torres. O Festival Internacional de Cine de Gijón e o American Film Market foron outras citas con presenza galega ao abeiro desta liña, con Gaitafilmes e Undodez como beneficiarias, respectivamente.

### 1.3 Formación

Neste marco de acción, apoiamos o ciclo de encontros virtuais **Do papel á pantalla**, que tivo lugar de marzo a maio da man da Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización (CREA) e da Fundación SGAE. Baixo o título *Na mente da creación*, xuntou máis de 300 persoas para aprofundar no proceso audiovisual con profesionais de prestixio, como as directoras e guionistas Celia Rico e Carla Simón, o director Pablo Berger e o experto en distribución Ismael Martín. A cineasta argentina Lucrecia Martel pechou o programa compartindo algúns dos aspectos máis persoais das súas obras.

Por outra banda, xunto coa Universidade de Vigo organizamos a 11ª edición de **AUGAL Master Class Audiovisual Galego**, desenvolvida en novembro e decembro en Pontevedra, ademais de recuperar en maio a edición de 2020 que tivera que ser adiada e adaptada ao contexto sanitario.

Creada en 2010 para achegarlle a realidade profesional ao alumnado da rama audiovisual, a nova edición recuperou o seu formato orixinal de encontros con recoñecidos profesionais do sector arredor da proxección das súas obras. Así, compartiron experiencias cos asistentes o director Alfonso Zarauza, arredor de *Malencolía* e Araceli Gonda, sobre o proceso de escrita e desenvolvemento do guión de *Cuñados*. Tamén participaron Iria Silvosa, Xacio Baño, Alberto Vázquez, Eloy Domínguez e Dani Viqueira para abordar os seus traballos de dirección nas respectivas curtametraxes integradas no catálogo *Shorts from Galicia*. Outra das sesións centrouse na análise dos programas da Televisión de Galicia *Zigzag Fin de Semana* e *Desmontando Galicia*, da man de María Solar e Marcos Barrios. A conferencia de clausura, *Valentina, animar en Galicia*, estivo a cargo de Chelo Loureiro, directora desta longametraxe.

Canto á 10ª edición de **AUGAL Master Class Audiovisual Galego** desenvolvida tamén en 2021 por mor do seu adiamento o ano anterior, acolleu catro sesións centradas na ficción *Hierro* da produtora galega Portocabo. Nelas participaron diversos profesionais do equipo técnico desta produción feita para





a plataforma Movistar e recoñecida con distintos galardóns. Araceli Gonda e Pepe Coira, responsables do guión, Ana Míguez, directora de produción, Diego Méndez, axudante de dirección, Elba Fernández e Xavi Font, que compuxeron a música, e o editor Gaspar Broullón compartiron as súas experiencias ao longo de dúas semanas. A clausura estivo a cargo do produtor executivo de Portocabo, Alfonso Blasco Fosco.

Tamén xunto coa Universidade de Vigo, ademais doutras institucións, colaboramos no **XVII Curso de verán de extensión universitaria de Celanova (CeMAC 2021) Rodado en Ourense. Desafíos do audiovisual galego**, impulsado pola Fundación Carlos Casares. Desenvolvido do 27 ao 29 de setembro ao abeiro do Festival de Cine de Ourense (OUFF), centrouse na análise das singularidades da ficción audiovisual a través de exemplos e casos de éxito con Ourense como referencia. A iniciativa incluíu por décimo ano consecutivo o taller *Celanova, plató de ficción*, que consiste na realización dunha peza audiovisual por parte de alumnado da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra.

Os doutores en Comunicación Audiovisual e directores do curso Miguel Anxo Fernández e Paulino Pérez Feijóo abriron o encontro, no que participou a coordinadora de Política Audiovisual da Agadic, Dolores Meijomín, para abordar os novos desafíos do sector audiovisual en Galicia. O primeiro día centrouse na película *Cuñados*, coa súa proxección e as intervencións do seu produtor, Alfonso Blanco, da guionista, Araceli Gonda, e dos actores Federico Pérez Rey e Xosé A. Touriñán. A proxección do OUFF *Quen somos nós?*, de Simón Casal, pechou esta xornada.

O segundo día arrincou coa produtora Beli Martínez, quen afondou na produción *Eles transportan a morte*, e nos dez anos do obradoiro *Celanova, plató de ficción*, da man do seu director Paulino Pérez e das responsables da dirección e da produción da curta de 2021, Andrea Varela e Ana Muñoz. Ademais proxectouse *Olvido y León* para logo analizar o labor de dirección e produción con Xavier Bermúdez, director e guionista, e Manane Rodríguez, produtora, así como a música, con Coché Villanueva. O peche púxoo novamente o OUFF coas exhibicións de *El secreto*, de Gustavo M. Garzo, e *José Ángel Valente. Escribir lugar*, de José M. Mouriño.

O último día centrouse en *Malencolía*, con charlas do seu director e coguionista Alfonso Zarauza, da actriz e directora de actores Leticia Sola e do director de fotografía Alberte Branco. Debido ao contexto derivado da pandemia a asistencia ao curso foi de 25 persoas, a meirande parte delas alumnado e docentes universitarios.

Asemade, a través da Filmoteca de Galicia coordinamos o programa internacional de pedagogía do cine nos centros educativos de primaria e secundaria **Cinema en curso**, enmarcado no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades. En 2021 participaron na iniciativa os CEIPs San Cosme de Barreiros, A Rúa de Cangas e Tenorio de Cerdedo-Cotobade, así como o IES Mosteirón de Sada. Todos eles estrearon no Salón Teatro en xuño os proxectos cinematográficos realizados ao abeiro desta iniciativa,



nos que contaron co apoio dos realizadores Xacio Baño, Jaione Camborda, Eloy Domínguez, Marcos Flórez e Ángel Santos. Pola súa banda, os CPIs O cruce de Cerceda e Manuel Suárez Marquier do Rosal traballaron experiencias dentro de *Cinema en curso* e realizaron pezas máis breves.



*Cinema en curso* forma parte da programación didáctica da Filmoteca de Galicia, na que tamén se insire *Fotografía en curso*. Neste programa participaron os IES Manuel Murguía de Arteixo, Francisco Aguiar de Betanzos e Xunqueira II de Pontevedra, ademais dos CEIPs Igrexa de Valladares de Vigo, Tenorio de Cerdedo-Cotobade e Espiñeira-Aldán de Cangas. Os centros realizaron diferentes proxectos fotográficos que se concretaron en exposicións ou publicacións que se poden consultar na web do proxecto.

Canto á programación cinematográfica para escolas, *Filmoteca Júnior*, viuse moi reducida por mor das restricións derivadas da pandemia nos centros educativos e nas salas de exhibición e só se exhibiu un título en dous pases. En conxunto, participaron no curso 2020-21 máis de 500 estudantes, 35 docentes e 13 centros de toda Galicia.

#### 1.4 Hub Audiovisual e da Industria Cultural

2021 foi o ano da posta en marcha do **Hub Audiovisual e da Industria Cultural**, creado con axudas financiadas ao 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe React-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da covid-19.

O seu obxectivo xeral é reforzar a posición de Galicia como referente competitivo en toda a cadea de valor da industria cultural e creativa, ademais de funcionar como punto de encontro das empresas culturais para incrementar as súas capacidades e acelerar a súa reactivación. Cun investimento de 9,6 millóns de euros durante o período 2021-2023, ao seu abeiro artéllanse medidas en distintos eidos, todas elas consensuadas co sector.

O primeiro deles é o da industria audiovisual, situando Galicia como un territorio idóneo e competitivo de localización de rodaxes, produción e postprodución a prol da competitividade das empresas galegas. Tamén se traballa co obxectivo de favorecer proxectos colaborativos audiovisuais que identifiquen o noso territorio como un núcleo de xeración de contidos e producións de primeira orde, impulsando o seu efecto tractor sobre o resto da industria cultural e creativa galega.

Outro eido que se aborda é o dos videoxogos e contidos interactivos, coa primeira iniciativa autonómica de fortalecemento e vertebración sectorial en colaboración co tecido produtivo e asociativo. Nesta





liña prevense accións de promoción do talento e de aceleración empresarial, artellando axudas específicas para as empresas do sector dos videoxogos.

Por último, póñense en funcionamento medidas transversais para o conxunto da industria cultural galega mediante axudas para fomentar os investimentos e a competitividade tecnolóxica, así como a prestación directa de servizos para axudar as empresas a acadar os retos aos que se enfrontan.

Como primeira medida, en 2021 convocáronse axudas para o fomento e promoción de rodaxes, dotadas cun montante global de dous millóns de euros e dirixidas a empresas galegas que realicen proxectos xunto con produtoras, canles de televisión e plataformas de fóra de Galicia. Trátase dunha liña novidosa no panorama audiovisual español ao optar pola concesión directa para a realización de rodaxes no canto de empregar a fórmula dos incentivos fiscais.

O primeiro beneficiario desta convocatoria foi o proxecto *RAPA*, unha serie producida por Movistar+ xunto coa empresa galega Portocabo, cuxa rodaxe arrincou en outubro na serra da Capelada, situada na costa norte de Galicia. Xunto a este, beneficiouse outra serie de Portocabo, *Argonautas*. Tamén se producirán ao abeiro destas axudas *Hasta el cielo*, proxecto co que Vaca Net leva a película do mesmo título ao formato serie, e a longametraxe *13 exorcismos*, de 13 E. Movie, que se gravará en distintos escenarios da cidade de Ourense.

### 1.5 Outras accións

Outra das nosas accións dirixida a reforzar a proxección das industrias do cinema e da televisión, así como a darlle visibilidade ao traballo desenvolvido polo audiovisual galego, é o apoio aos **Premios Mestre Mateo**. Organizados pola Academia Galega do Audiovisual (AGA), en 2021 chegaron á súa 19ª edición. Participaron 146 obras e presentáronse 424 candidaturas para as 25 categorías, das que nove son de produción e 16, profesionais. A gala de entrega desenvolveuse o 10 de abril no Teatro Colón da Coruña.

O título *Ons*, dirixido por Alfonso Zarauza, acaprou nove dos galardóns, entre eles o de mellor longametraxe. Pola súa banda, *A illa das mentiras* levou cinco recoñecementos, entre eles o de mellor dirección, a cargo de Paula Cons. Estas dúas películas, que obtiveron o maior número de premios, contaron con subvención da Xunta de Galicia para a súa produción.

As outras fitas premiadas foron *9 Fugas*, como mellor música, *Carne*, como mellor curta de animación, *Cinephilia*, como mellor programa de televisión, *Cos pés na terra*, como mellor realización, *Desde o mar*, como mellor anuncio publicitario, *Muinheira de interior*, como mellor videoclip, *Nación* como mellor documental, *Néboa*, como mellor serie, *Quen anda aí* como mellor comunicador/a de televisión, *Xan* como mellor serie web e *Xoves de comadres* como mellor curtametraxe de imaxe real.





2 | ESCENA









No eido escénico temos como prioridades fundamentais o fomento da creación e a produción, así como facilitar a distribución dos espectáculos, tanto en Galicia a través dos diferentes teatros públicos e privados e dos festivais, como noutros puntos de España e de Europa. Con este obxectivo, en 2021 reforzamos as liñas de axudas, sendo especialmente conscientes das dificultades que atravesou o sector debido á crise sanitaria. Porén, o noso apoio á creación e produción vai máis aló das subvencións e baséase tamén na colaboración co sector no desenvolvemento de iniciativas que dinamicen a escena galega. ■ A creación de público e o achegamento da cidadanía ás artes escénicas é outro dos eixes que marcan as nosas accións. Con este fin impulsamos a Rede Galega de Teatros e Auditorios conxuntamente coas administracións locais e poñemos en marcha cada ano unha ampla programación con espectáculos que percorren a xeografía galega, reforzada en 2021 co gallo da celebración do Xacobeo 21-22. Trátase dos habituais *Cultura no Camiño* e *Danza 3* ou os novos *Propulsa Danza + Paisaxe + Patrimonio* e *Comicamente*. ■ Neste dobre obxectivo de dinamización do sector e de achegamento á cidadanía teñen un papel fundamental as nosas unidades de produción, o Centro Coreográfico Galego e o Centro Dramático Galego, a través de espectáculos propios, coproducións e outras iniciativas formativas e innovadoras. ■ A diversidade de liñas e a unión de esforzos convértense así en ferramentas fundamentais para ter unha escena galega sólida e capaz de asumir novos retos.





## 2.1 Apoio á creación

No marco da nosa política de fomento das artes escénicas, desde a Agadac prestámoslle especial apoio á **creación** a través dunha liña de axudas específica dotada con 800.000 euros e da que en 2021 se beneficiaron 30 compañías profesionais galegas. Deste total, 433.000 euros foron para 16 propostas doutras tantas compañías na modalidade de teatro, novo circo e maxia.

Forman a listaxe *Morgana en Esmelle* de Sarabela Teatro, *Cigarreiras* de Contraproducións, *Lao Lao e dragón de xeo* de Títeres Cachirulo, *O porco de pé* de Producións Teatráis Excéntricas e *Inloca* de Matarile Teatro. Xunto a elas figuran *Smoke on the water* de Ibuprofeno Teatro, *As alumnas* de Culturactiva, *Alma de tigre* de Elefante Elegante, *A cazola de Lola* de Tanxarina e *Palabras* de Baobab Teatro. Completan a relación *Paxaros no cabo* de Pistacatro, *Hoax Hamlet* de Voadora, *Leonardo e os biosbardos* de A Xanela do Maxín, *Comando Comadres* de Matrioshka, a coprodución *A familia real* de Aporía Escénica e Olivas Negras, e *A familia Brañas* de A Cova das Letras.

Os 100.000 euros para o eido da danza e das artes do movemento, que conta cun apartado específico, distribuíronse entre cinco espectáculos. Estes foron *Memo* de Cía. Ensalle, *DeMente* de Cía. Fran Sieira, *Couch* de Marta Alonso Tejada, *Cantas patas para un banco?* de Compañía IO e *O deus do pop* de Diego Anido. O obxectivo desta modalidade é favorecer unha discriminación positiva destas montaxes no marco da liña de apoio á danza promovida pola Xunta.

Pola súa banda, sete proxectos de compañías de nova creación, entre os que destaca unha maioritaria aposta pola multidiscipliniedade, se repartiron 70.000 euros. Os proxectos subvencionados foron os presentados por Señora Supina con *Hotel Europa*, Moving Compass con *Tacão*, Constance Hurlé con *Lara Hierro*, Rebordeiros con *Amantis*, Barrosanta con *Ragazzo*, Antón Coucheiro con *Home*, e Mónica Paradela con *Nikita Nimoni. Arredor do mundo*.

Por último, a modalidade destinada á actividade escénica de carácter trianual, de 200.000 euros, foi para dúas formacións cunha traxectoria moi consolidada: Malasombra Producións, para os proxectos *Nec Mea Vox* e *Habeas Corpus*, e Teatro do Noroeste para *Gloria nacional* e *Último verán en Santa Cristina*. Esta última axuda creouse en 2020 para facilitarlles ás compañías unha planificación a medio prazo, dándolles así unha maior estabilidade.

A relevancia desta liña de axudas levounos a organizar en abril un webinar para explicarlles de primeira man a compañías e artistas as novas bases. Participaron medio cento de persoas.

No eido da creación, cómpre sinalar as actividades desenvolvidas polo Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego, con producións, coproducións e **residencias artísticas**. Con respecto a estas últimas, en 2021 impulsamos diferentes programas, especialmente a comezos de ano, cando as restricións pola covid-19 dificultaban a representación dos espectáculos.

Así, colaboramos coas **Residencias Artísticas do Gaiás (REGA)**, desenvolvidas coa Fundación Cidade da Cultura e que incluíu a inicios de 2021 *Clásicas desfeitas* e, xa no verán, *Residencias Paraíso*.





En *Clásicas desfeitas* unha trintena de artistas traballaron con nove textos clásicos para reinterpretalos e ofrecer versións anovadoras. No programa participou o colectivo Nononon Lab, coa adaptación de textos de *Prometeo encadeado*, de Esquilo, *A trágica historia do Doutor Fausto*, de Marlowe e *Frankenstein* de Mary Shelley para ofrecer a través destas personaxes un retrato da humanidade moderna.

Tamén ao abeiro de *Clásicas desfeitas*, o coñecido pianista e compositor Pablo Seoane dirixiu *Phármakon*, con relatos de *Antígona* de Sófocles e de *Medea* e *As Bacantes* de Eurípides, indagando na relación entre o chibo expiatorio e a comunidade. A última das pezas baseouse en fragmentos de *Orlando* de Virginia Woolf, *A consagración da primavera* de Igor Stranvinski e o *Mito de Sísifo* de Albert Camus, da man de Gena Baamonde, Rut Balbís e Manu Lago.

**Residencias Paraíso** é un programa promovido polo colectivo RPM co noso apoio. Na súa quinta edición participaron oito proxectos de danza e artes vivas. Dous deles, *Octopus to the Party*, do colectivo homónimo, e *A idea primaria é esnaquizalo a cabezadas*, de María Llanderas, presentáronse no Salón Teatro en xullo e agosto. Completaron a listaxe de propostas *Antes todo isto era campo*, do Colectivo Nerval; *Coreografías Selváticas*, de Adriana Reyes; *30' 70 60' 120* de Marta Valverde; *El dios del pop* de Diego Anido; *Memorias danzantes* de Miriam Rodríguez e Olga Cameselle; e *Cerimonia* de Helena Salgueiro e Verónica Moar.

Ademais, o Salón Teatro acolleu entre febreiro e marzo o programa **Residencias cruzadas**, con cinco proxectos que aglutinaron nove propostas artísticas. Deste xeito, proporcionámoslles ás compañías un espazo para o encontro, a reflexión e a investigación nun momento no que as exhibicións estaban suspendidas por mor das restricións derivadas da covid-19. Incluíronse tamén encontros abertos para achegarlle ao público os procesos de creación.

*Somos teatro. Teatro e inclusión social* abriu as sesións do programa coa actriz, directora e pedagoga teatral Chusa Pérez de Vallejo, para investigar na inclusión desde unha perspectiva global. A súa proposta concluíu cunha formación en liña aberta a profesionais e a todas as persoas interesadas na temática.

Tamén Diana Sieira, creadora de *The Witch* e Helena Salgueiro, con *Ferro, Federici*, compartiron reflexións e experimentación ao abeiro de *Residencias cruzadas*. Ambas analizaron a situación actual das mulleres atendendo á historia da caza de bruxas. Pola súa banda, a compañía Voadora, con *Síncro*, e Lucía Díaz-Tejeiro, con *Akrasia*, abordaron os ocos das memorias individuais no relato colectivo.

Producións Dispersas e Mónica Sueiro afondaron na metateatralidade e na loita do individuo por ser e estar no colectivo a través das súas respectivas propostas *Mentres dure a canción* e *15 minutos*.



Finalmente, Anómico Teatro e Compañía Sr. López realizaron lecturas complementarias sobre exilios e migracións, con *Anxos abandonados en mosaicos despois do combate* e *Manuela Rodríguez é unha inuit*.

Por outra banda, en 2021 concretáronse varios dos proxectos xurdidos a partir das **axudas ao impulso** do sector escénico, convocadas para tratar de paliar os efectos derivados da situación de pandemia.

Así, propiciamos o reencontro co público dunha trintena de espectáculos producidos en anos anteriores e que tiveron unha nova vida grazas a diferentes proxectos para a súa recuperación, como residencias artísticas e outras actividades de mediación cultural. Deste xeito, a liña de axudas extraordinaria de 2020, dotada con 500.000 euros permitiulles a catro salas de exhibición e 38 compañías de teatro, danza, novo circo e maxia relanzar montaxes que se viran afectadas polas restricións sanitarias. Foi o caso de Sarabela Teatro, que retomou *O secuestro da bibliotecaria* cunha residencia, funcións para público familiar e escolar, e a presentación dunha unidade didáctica. Tamén Produccións Teatráis Excéntricas realizou unha estadia para volver ensaiar a súa versión de *Medida x Medida* de Shakespeare, cara ao seu regreso aos escenarios.

Teatro do Noroeste con *As virxes salvaxes*, Ningures Producción con *O Ogrocho*, Talía Teatro con *Voa, voa!* e *Bicos con lingua*, Ibuprofeno Teatro con *O mel non caduca*, ou A Xanela do Maxín con *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza* son outras das compañías que levaron a cabo residencias.

A danza tivo un especial tratamento na convocatoria, que reservou 100.000 euros para proxectos desta modalidade artística. Entre as 12 formacións beneficiarias están Carlota Pérez con *Límites*, La Macana con *Keep Going* e *Pink Unicorns* ou Paula Quintas cun programa de residencias, exhibición e mediación no Teatro Principal da Estrada, presentado no marco do Día Internacional da Danza co nome *6coreógrafas*.





## 2.2 Apoio á difusión

Canto á distribución, temos varias ferramentas, entre as que están as **axudas á difusión directa das empresas**, das que o sector escénico recibiu en 2021 máis de 280.000 euros, despois dunha reasignación dos fondos iniciais compartidos coa actividade musical. Con esta cantidade apoiámos 18 funcións de Pistacatro en Gran Bretaña e en diferentes puntos da Península Ibérica, así como as 22 actuacións da xira española de *Fariña, o espectáculo teatral*, de Ainé Producións; as representacións de Matarile Teatro na Comunidade Valenciana, Murcia, Cataluña ou Cantabria; e as 17 da compañía de danza La Macana en Alemaña, Italia, España e Portugal, entre outras.

Entre artes escénicas e musicais, o total de artistas, grupos e compañías que recibiron estas axudas ascende a máis de 65 e a contía global foi de 460.000 euros para cofinanciar máis de 500 actuacións e 15 accións de difusión en feiras e mercados profesionais de todo o mundo. O obxectivo é impulsar a distribución e comercialización dos produtos culturais galegos dentro e fora da Comunidade, ao tempo que se facilita a captación de público e o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais. Trátase tamén de potenciar a creación, o mantemento e a utilización de infraestruturas e equipamentos por parte dos axentes culturais, así como de impulsar o asociacionismo e a colaboración entre persoal e empresas dos distintos sectores culturais.

Por outra banda, temos as nosas **colaboracións con espazos escénicos** tanto públicos como privados. Nesta liña fináncianse tanto as funcións desenvolvidas na **Rede Galega de Salas** como os gastos de funcionamento das salas escénicas privadas. Esta última está dotada con 150.000 euros que en 2021 se repartiron entre os espazos vigueses Ártika e Teatro Ensalle, xunto cos coruñeses Gurugú Producciones e Teatro del Andamio. Trátase dunha convocatoria consensuada co sector para impulsar a programación de carácter profesional e a consolidación destes recintos como xeradores dunha destacada actividade arredor das artes escénicas. As salas deben destinar as axudas a cubrir os gastos relacionados coa programación, os derivados das representacións en liña, a contratación de persoal para o proxecto e unha porcentaxe dos custes indirectos, como alugueiros ou subministracións.

Ao abeiro desta medida representáronse en 2021 un total de 209 funcións, 126 delas nas salas de Vigo e 83 nas da Coruña.

Cómpre sinalar tamén a **Rede Galega de Teatros e Auditorios** (RGTA). Constituída en 1996 co obxectivo de impulsar a distribución dos espectáculos galegos, consolidouse nestes anos como o principal circuíto para a exhibición da produción escénica galega de carácter profesional, dotándoa de estabilidade na súa programación habitual. Desde a Agadic cofinanciamos esta rede xunto coas 40 administracións locais asociadas. O calendario de funcións estruturábase en dous períodos semestrais con sesións nas que teñen especial protagonismo as artes escénicas.



A programación da RGTA sumou en 2021 máis de 500 funcións. Arrincou a comezos de xaneiro cun investimento anual en contratacións de case 1,6 millóns de euros e cunha programación para o primeiro semestre de 334 actuacións de 114 compañías en 45 escenarios. Non obstante, dúas semanas despois se produciu a suspensión dos espectáculos por mor da pandemia e houbo que adiar medio cento das sesións previstas. A pesar da demora, fomos quen de recuperar a meirande parte das funcións neste período e só un 10% delas tiveron que ser aprazadas á segunda metade do ano.

Así, o 19 de febreiro a rede retomou a actividade e ofreceu ata xuño preto de 300 sesións, 283 delas de artes escénicas, con 129 espectáculos de 83 compañías. Deles cómpre salientar varias estreos absolutas, como *Soga e cinsa*, de Aporía Escénica, *Anxos abandonados en mosaicos despois do combate*, de Anómico Teatro, *Estrela do Día*, de Producións Teatráis Excéntricas, *Pura*, de Náufragos Teatro, *Don Gaíferos*, de Os Monicreques de Kukas, e *Drop*, de Pistacatro, entre outras.

Xa no segundo período de programación, de xullo a decembro, o número de funcións ascendeu a 209, 188 delas de artes escénicas, con 114 espectáculos a cargo de 87 compañías. A RGTA volveu ofrecer numerosas estreos. Foi o caso de *Cigarreiras*, de Contraproduccións, *A parábola do angazo*, de Talía Teatro, *The Witch, un espectáculo ritual*, de Cía. Diana Sieira, *A lúa vai encuberta*, de Incendiaria e A Quinta do Cuadrante e *Nevermore*, de Chévere, entre outros. Cómpre sinalar que moitas das compañías chegan a esta carteleira despois do seu paso pola última edición do mercado *Galicia Escena PRO*.

As contratacións destes espectáculos levámolas a cabo a través de **Galescena.gal**, o principal instrumento de traballo para todos os axentes que teñan relación coas nosas programacións, como compañías, grupos de música ou programadores. Trátase dunha intraweb que facilita a xestión das nosas redes de programación, de xeito que todos os trámites de inscrición, contratación e rexistro de asistencia, entre outros, se poidan facer a través desta ferramenta.

A maiores está o apoio á difusión que fan os **festivais de artes escénicas**, cos que ao longo de 2021 mantivemos o noso compromiso dado o seu carácter estratéxico nas súas respectivas contornas e ámbitos artísticos. Neste marco de acción figura a liña de axudas dotada con 200.000 euros, un 5% máis que en 2020, e con modificacións nas bases para facilitar a adaptación dos eventos á evolución da pandemia. Estes foron os festivais beneficiados:

**Singular. Festival do Monólogo Teatral** (6ª edición, do 6 ao 28 de marzo). Celebrado en Narón, participaron nove compañías, a meirande parte galegas, con obras dirixidas tanto a público adulto como infantil. Houbo tamén actividades complementarias, como cursos e faladoiros.

**Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas** (38ª edición, do 1 ao 10 de xullo). Acolleu máis de 20 espectáculos, con catro estreos absolutos e nove en Galicia, entre as que figurou a nosa produción *A contenda dos labradores de Caldelas ou Entremés famoso sobre a pesca do río Miño*. Entre as súas





actividades complementarias figuran as xornadas *Mulleres en acción* e o espazo de intercambio con Portugal *Teatragal*, entre outras.

**Mostra de Teatro de Cariño** (43ª edición, do 8 ao 20 de agosto). Desenvolveuse ao longo de dúas semanas, a primeira delas centrada no público infantil e familiar, e a segunda, no adulto. Nas súas propostas sumou 16 espectáculos, animación de rúa e un obradoiro de achegamento ás artes do movemento.

**Festac Clown Vilagarcía** (20ª edición, do 16 ao 21 de agosto). Acolleu unha ampla programación centrada no humor, o circo e o compromiso social. O festival encheu de animación as rúas vilagarcías e ofreceu unha vintena de actuacións de coñecidas compañías, tanto a nivel galego como estatal e internacional.

**Festival Corpo (a) Terra** (11ª edición, do 31 de agosto ao 4 de setembro). Promovido en Gondomar e Allariz pola Asociación trasPedante Cultura. Esta mostra de danza incluíu 16 sesións coa participación de destacadas compañías galegas, tanto emerxentes como consolidadas, ademais de doutras comunidades e de carácter internacional. Tamén programou accións formativas.

**Festival Internacional de Títeres de Redondela** (22ª edición, do 1 ao 5 de setembro). Organizado por Memorial Juanjo Amoedo cunha carteleira composta por espectáculos dunha vintena de compañías teatrais e formacións musicais, entre os que houbo propostas galegas e doutros puntos de España, así como de Francia e Rusia. O evento sumou unhas corenta citas culturais, entre funcións, concertos e exposicións.

**Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)** (30ª edición, do 24 de setembro ao 29 de outubro). Celebrado en Carballo, incluíu 39 espectáculos, 11 deles estreos absolutos e tres estreos en Galicia, e numerosas actividades a través das diferentes liñas de programación.

**Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO)** (14ª edición, do 14 ao 24 de outubro). Organizado por Sarabela Teatro en Ourense e Barbadás, cunha decena de compañías de teatro e danza, entre as que estiveron varios referentes da escena galega e española. Como actividade paralela puxo en marcha este ano a iniciativa 67 Graos, Ourense Efervescénica para a dotación de cinco bolsas de creación e un premio do público.

**Festival Internacional Galicreques** (26ª edición, do 9 ao 17 de outubro) Desenvolvido en Santiago de Compostela da man da Asociación Barriga Verde. Ofreceu máis de 50 funcións en diferentes escenarios e prazas da cidade, así como nunha carpa instalada na Alameda, entre as que se incluíron seis estreos absolutos.

Ao longo de 2021 colaboramos con outras citas, como é o caso da **Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT)**, a través dun convenio de 60.000 euros co Concello que se subscribe cada ano. Baixo o lema *A arte marca a diferenza*, a 37ª edición da MIT celebrada en xullo recuperou a súa dimensión internacional e incluíu as representacións dunha vintena de formacións de teatro e danza, entre as que figu-



rou o CDG coa súa produción *Terceiro acto*. O apoio estendeuse ao obradoiro DraMITurga, coa implicación do CDG xunto á Asociación DramaturGA e o Instituto Camões de Portugal, así como á estadia artística e actuación de Adriana Reyes cun dos proxectos seleccionados para *Residencias Paraíso*.

Otras accións no eido da distribución céntranse no impulso a diferentes **circuíto**s que, ao igual que a RGTA, permiten levar as artes escénicas por toda a xeografía galega especialmente durante o verán. Ademais, en 2021, co gallo da celebración do Xacobeo 21-22 reforzáronse estas iniciativas.

Foi o caso do programa **Cultura no Camiño**, tamén xestionado a través de *Galescena.gal*, que chegou ao seu noveno ano no marco

da programación xacobeá. Con el promovemos un amplo circuíto de espectáculos escénicos e musicais ao longo do verán co apoio da empresa galega de alimentación Gadis, co obxectivo da dinamización cultural a través dunha oferta descentralizada. En 2021 reforzouse o investimento nun 33%, acadando o millón de euros para o desenvolvemento de máis de 650 actuacións de artes escénicas e de música, e bateuse o récord de participación, con 164 concellos adheridos, un 25% máis que en 2020.

Malia as limitacións da capacidade en cumprimento das medidas sanitarias vixentes en cada momento, o público asistente aos espectáculos superou as 80.000 persoas. Participaron arredor de 200 compañías galegas de teatro, danza, novo circo, maxia e música. A meirande parte das funcións foron teatrais, con máis de 211, seguidas das musicais, con máis de 200. O novo circo sumou 120 citas e a maxia arredor dun cento.

Tamén no marco do Xacobeo 21-22, no verán puxemos en marcha o programa **Propulsa Danza + Paisaxe + Patrimonio**, que permitiu levar a danza a 27 concellos cuxas programacións culturais non soen incluír esta disciplina artística, ao tempo que serviu de promoción turística de lugares singulares. Con esta iniciativa tamén se fomentou a creación contemporánea de danza e atraer novos públicos, xunto co establecemento de sinerxías coas administracións e os tecidos asociativos locais.

Cun cheo case total, máis de 2.000 persoas gozaron das 70 funcións programadas, que incluíron catro estreos. Participaron 30 compañías, 23 delas galegas e as restantes de diversos puntos de España, Portugal e Francia, para poñer en valor a riqueza patrimonial e paisaxística a través das artes do movemento.

O castro de Troña en Ponteareas, a Praza de San Fernando de Tui, situada diante da catedral, o mosteiro de Melón, a ferverza do Ézaro en Dumbría, o complexo arqueolóxico Aquis Querquennis en Bande, o Pazo da Peregrina de Ames, Cabo Fisterra, a Praza dos Escolapios en Monforte de Lemos ou o castelo de Pambre en Palas de Rei son algúns dos enclaves emblemáticos que se converteron en escenarios para acoller os espectáculos deste novo programa.





Outro dos ciclos desenvolvidos durante o verán no marco do Xacobeo 21-22 foi **Danza 3**, que chegou en 2021 á súa novena edición promovido polo colectivo XOC (Xacarandaina da Coruña, O Fiadeiro de Vigo e Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela) co apoio da Xunta. Ofreceu 15 funcións noutras tantas localidades galegas, co obxectivo de achegarlle ao público a riqueza do baile e da música tradicionais. Nesta liña traballan as tres agrupacións impulsoras da iniciativa, a prol dunha maior visibilidade do folclore galego, tanto con actividades de formación e exhibición como de recuperación deste patrimonio inmaterial.

Por último, ao abeiro da programación xacobeá naceu **Comicamente**, impulsado polas empresas Condetrespés, Etiqueta Negra e Ainé Producións co apoio da Xunta. Desde finais de xullo ata mediados de setembro levou o humor galego a 12 concellos, nalgúns casos con dobres sesións para atender a elevada demanda de asistencia. O balance de público final ascende a preto de 12.000 persoas en 17 pases. Liderado por Carlos Blanco, Xosé A. Touriñán e Luis Piedrahita, xunto a Lucía Veiga, contou coa participación de David Amor, Oswaldo Digón, Marta Doviro, Marita Martínez, Carmen Méndez, David Perdomo, Celso Sanmartín, Leticia Sola e Pepo Suevos.

O **Salón Teatro** é un espazo de exhibición escénica da Xunta de Galicia e sede do Centro Dramático Galego que ten tamén un papel fundamental na difusión das artes escénicas. Nel acollemos as representacións da compañía pública e outro tipo de espectáculos, converténdose así en referente cultural tanto para a cidade na que se sitúa, Santiago de Compostela, como para toda Galicia.

Xunto ás producións propias e as residencias, a carteleira do Salón Teatro ao longo de 2021 incluíu diversos eventos vencellados tanto ás artes escénicas como a outros eidos culturais, como a música, o cinema ou o novo circo, sumando máis de 150 sesións abertas ao público.

Así, tras a estrea da produción propia **O charco de Ulises** en xaneiro, o público volveu a este espazo en marzo, co desenvolvemento dunha das sesións do **V Ciclo de Xornadas das Industrias Musicais** organizado pola Xunta e a Fundación Paideia. Baixo o título *Monetiza a túa música*, expertos na materia abordaron as vías para rendibilizar a distribución musical a través das plataformas dixitais. Na segunda quincena dese mes tiveron lugar os encontros co público no marco do programa **Residencias cruzadas**.

Do 15 de abril ao 16 de maio estivo en cartel a produción propia **Terceiro acto**, que daría paso na última fin de semana do mes a senllas funcións das pezas **O mozo da última fila**, de Redrum Teatro, e **As virxes salvaxes**, de Teatro do Noroeste, como peche da temporada de exhibición.

En xuño, no Salón Teatro acollemos a feira profesional das artes escénicas **Galicia Escena PRO**, da que ofrecemos neste espazo cinco sesións. Tivo tamén lugar a estrea de catro dos seis traballos cinematográficos realizados por estudantes de primaria e secundaria participantes no programa **Cinema en curso**, xestionado pola Xunta a través da Fílmoteca de Galicia.

A actividade continuou en xullo e agosto, coa reposición de **Terceiro acto** e demostracións abertas ao público dos proxectos desenvolvidos polo colectivo Octopus to the Party e por María Llanderas no marco das **Residencias Paraíso**.



En setembro estreamos a cuarta das producións propias, **Serva me, servabo te**, en cartel do día 10 ata o 26. En outubro chegou o teatro afeccionado da man do **Festival Agustín Magán**, organizado pola Federación Galega de Teatro Afeccionado (Fegatea) co apoio da Xunta e do Concello de Santiago, que ofreceu tres funcións. Ademais, o noso espazo foi unha das sedes do **Festival Internacional de Cinema Curtocircuíto**, así como un dos escenarios de **Camiño Escena Norte**, o programa itinerante de intercambio cultural con Asturias, Cantabria e País Vasco promovido por Escena Galega. Aquí pechouse o percorrido coa función *Lloviendo ranas*, de Ados Teatroa, seguida dun encontro co público.

Neste mesmo mes repúxose **Serva me, servabo te** na terceira fin de semana e desenvolveuse o ciclo de espectáculos en lingua portuguesa **Quintas do Camões**, en colaboración co Centro Cultural Portugués do Camões en Vigo. A través desta iniciativa o Salón Teatro acolleu durante tres xoves as obras *Rottweiler*, do Centro Dramático de Viana/Teatro do Noroeste, de Viana do Castelo; *Odilia*, de Teatro Viriato, de Viseu; e *No límite da dor*, de Lendias d'encantar, de Beja. Ademais, ofreceuse unha función do **Festival Ateneo Barroco**, coa soprano Hana Blaziková e o cornetto Bruce Dickey.

Tamén houbo unha **lectura dramatizada** do texto gañador da Bolsa de dramaturxia e creación *Relato para un incendio*, de Ernesto Is, en colaboración coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG). A peza será coproducida coa compañía aAntena ao abeiro da convocatoria desta primeira edición da bolsa lanzada o Día Mundial do Teatro, co apoio de diversos colectivos do sector. Asemade, en outubro tivo lugar a final do certame **Xuventude Crea** na modalidade de teatro, organizado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. O mes pechouse con catro funcións da coprodución **A lúa vai encuberta**, nas que colaborou o Concello compostelán.

Novembro arrincou coa exhibición da peza **Semente de Nós**, coproducida por Sarabela Teatro e Ollo Vivo en conmemoración do centenario do Boletín Nós. A continuación chegaría o cinema coa programación do 35º **Festival Cineuropa**, do que acollemos 49 sesións do día 9 ao 23. Finalmente, os días 24, 25 e 26 desenvolvéronse os espectáculos *Mi nome es Hor*, de PSIRC, *Fil*, Madame Gaüc, e *Murmullo*, de La Víspera, integrados na programación do **Encontro para a formación e a innovación no circo D10!** organizado por Pistacatro.

A maiores dos eventos presenciais da carteleira do Salón Teatro, cómpre sinalar o programa de visitas en liña realizado ao longo do curso 2020-21 cos centros educativos galegos. A través del, estudantes de primaria e secundaria de toda Galicia realizaron un percorrido virtual polas instalacións da man do director do CDG, Fran Núñez, quen lles explicou os diferentes oficios que fan posible levar a escena unha representación teatral. Os centros educativos tiveron a ocasión tamén de asistir a unha emisión en liña específica para eles de *O charco de Ulises* enmarcada no Día Mundial do Teatro. Ambas accións sumaron máis de 3.000 participantes.





### 2.3 Formación e innovación

Canto á **formación nas artes escénicas**, a través do Centro Coreográfico Galego ofrecemos cursos sobre diferentes estilos de danza, prevención de lesións e xestión cultural. Dirixidos prioritariamente a profesionais e estudantes, ábranse tamén á cidadanía xeral a prol de promover o seu achegamento e interese por esta arte escénica. En 2021 houbo un total de nove accións formativas desenvolvidas entre maio e outubro, coa asistencia de 84 persoas de entre 11 e 54 anos.

O obradoiro de creación de danza contemporánea *Traballando desde o mapa* abriu o programa de formación, coa bailarina e coreógrafa galega Esther Latorre, de Colectivo Glovo. Seguiulle a artista multidisciplinar Mercé de Rande con *Choreo Toolbox. Ferramentas para a composición coreográfica*. Pola súa banda, Paula Quintas, da compañía trasPedante impartiu o taller *Procura do movemento a través da técnica Laban*.

En xullo tiveron lugar o curso de danza clásica *A entrada ao mundo profesional*, coa profesora Carmen Paris e o obradoiro de prevención de lesións *Adapt Method*, coa fisioterapeuta, osteópata e exbailarina María Jesús Peces-Barba. Tamén houbo clases maxistras arredor do *hip hop* e do *popping* con Alba Fernández Cotelo, *breaking dance* con Samuel Galán, *locking* con Noelia López e *waacking* con Sabela Domínguez. O especialista en *tap dance* John O'Brien pechou o mes.

En setembro volveu a danza contemporánea da man dos bailaríns e coreógrafos de orixe israelí Dana Raz e Sharon Fridman, co obradoiro *Drop & Catch*. A oferta formativa completouse coa participación do xestor, produtor e distribuidor Manu Lago, que compartiu a súa experiencia con artistas e compañías emerxentes.

Ademais, ao abeiro da nosa colaboración coa Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega) realizouse un **programa de formación e capacitación profesional** co obxectivo de facer as compañías máis adaptables e competitivas, así como de crear un tecido escénico que poida afrontar en boas condicións os retos da evolución e transformación do sector. Nel inseríronse un curso monográfico sobre financiamento, sesións sobre comunicación integral, xestión empresarial e tecnoloxía aplicada á escena, así como sobre xestión de fondos europeos e de información sobre axudas a nivel galego e estatal, asesoramento fiscal e laboral.

Tamén no marco da formación, o CDG puxo en marcha en colaboración coa Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) **CDGLab**, un espazo de encontro entre a formación e a profesión para facilitarlle ao alumnado a adquisición de competencias máis aló das impartidas no ámbito académico.

Finalmente, nesta liña cómpre sinalar o **obradoiro de dramaturxia no circo** *Escribir o risco*, promovido polo CDG. Impartiuno Jorge Albuérne como parte do *VI Encontro de formación e innovación no circo D10!* organizado por Pistacatro e no que vimos colaborando desde o seu inicio.

### 2.4 Outras accións de dinamización

O ano 2021 significou o nacemento do **Plan Integral para a Danza**, impulsado en colaboración cos diferentes axentes culturais implicados co obxectivo de promover actuacións de mellora consensuadas co sector, de xeito participativo e transparente. Xa no primeiro trimestre abrimos o proceso de participación cidadá e creamos os grupos de traballo representativos dos diferentes ámbitos da danza en Galicia, como son a creación e produción, a distribución e promoción ou a formación.

Ademais, activamos un equipo de coordinación con representantes da Administración, artistas, festivais, compañías e espazos públicos e privados para determinar as medidas necesarias na adecuación da danza ás necesidades reais do contexto galego e fixar estratexias de futuro. Ao longo do ano mantivemos numerosas sesións de traballo nas que abordamos diversas cuestións, como os retos da distribución, a produción ou as residencias artísticas.

O **Plan Integral para a Danza** busca difundir os recursos existentes do sector e coñecer as súas potencialidades, impulsando a investigación e a reflexión sobre esta arte. Queremos tamén apoiar o talento e o proceso creativo con todos os medios posibles, así como fortalecer a industria cultural e potenciar o sector académico e formativo. O reforzo da produción, distribución e difusión da danza en Galicia, o fomento da súa presenza fóra da Comunidade e o impulso a medidas a prol da colaboración entre administracións e sector son outros dos obxectivos fixados.

Outra acción de dinamización salientable xorde do noso apoio ao funcionamento da principal organización do sector, a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), coa que asinamos un convenio para financiar **Galicia Escena PRO**. A feira profesional galega das artes escénicas chegou en 2021 á súa oitava edición tras ter que ser suspendida o ano anterior por mor da pandemia. O evento volveu co obxectivo de reforzar a súa posición como escaparate destacado na compra-venda de espectáculos e punto de encontro para todo o sector.

Ao longo de catro días reuniu en Compostela 61 responsables de programación e de festivais para coñecer os traballos de 95 compañías de teatro, danza, novo circo e maxia. A carteleira incluíu 18 montaxes galegas e unha madrileña que se representaron nos escenarios do Salón Teatro, do Teatro Principal e do Auditorio Abanca, ademais de en localizacións exteriores habilitadas na praza da Quintana e no cemiterio de San Domingos de Bonaval.

Por outra banda, desenvolvéronse presentacións rápidas de proxectos e de espectáculos xa en distribución. Nesta modalidade de interacción coñecida como *pitching* participaron 12 compañías distribuídas en tres sesións no Centro Obra Social Abanca. Este mesmo espazo acolleu a Zona PRO, onde os representantes das 95 compañías acreditadas mantiveron 200 xuntanzas bilaterais cos programadores e mediadores culturais asistentes.





A actividade completouse cun obradoiro en liña impulsado pola Confederación de Ferias del Estado Español (COFAE) e cunha presentación a cargo de MADfeira.

A maiores, ao longo de 2021 impulsamos diversas iniciativas a prol do fomento da actividade escénica, como a **Bolsa de dramaturxia e creación** presentada no Día Mundial do Teatro. A iniciativa desenvolvida polo CDG co apoio de diversos colectivos do sector cultural ten o obxectivo de apoiar toda a cadea de valor dun espectáculo teatral. Así, nunha primeira fase seleccionouse unha escrita e, posteriormente, unha compañía para levala a escena en réxime de coprodución. *Relato para un incendio*, de Ernesto Is, foi o texto gañador e aAntena a formación que coproducirá a montaxe.

Tamén colaboramos en proxectos doutras entidades sectoriais. É o caso de **Camiño Escena Norte**, o programa de teatro e danza promovido por Escena Galega entre setembro e outubro para o intercambio cultural con Asturias, Cantabria e País Vasco. Baixo o lema *Volver camiñar*, esta terceira edición percorreu o Camiño do Norte para ofrecer nove espectáculos desas comunidades en concellos galegos da ruta xacobeá, co inicio e o peche en Santiago de Compostela. Pola súa banda, as montaxes *Dreaming Juliet*, de Elefante Elegante, *A galiña azul*, de Tanxarina Titeres, e *Leira*, de Nova Galega de Danza, foi a representación galega para actuar en nove localidades asturianas, cántabras e vascas. Houbo ademais actividades paralelas, como as residencias artísticas *Cruzamentos*, no caso de Galicia desenvolvidas na Cidade da Cultura e en Negreira, e o encontro profesional *Habitación Peregrina PRO*, en Lugo.

Asemade, cómpre sinalar a xornada de traballo da **Eurasia Theater Association**, organizada polo CDG en outubro para achegarlles a representantes de teatros europeos e asiáticos as artes escénicas de Galicia.

Outra das nosas accións en colaboración coa asociación empresarial Escena Galega foi a organización da **I Xornada Escénica de Promoción Profesional e Venda de Galicia**. Nela participaron representantes das principais compañías de teatro e danza galegas con espectáculos en distribución e unha vintena de profesionais responsables da programación cultural de distintos concellos, festivais e espazos de Galicia. Tivo lugar na Cidade da Cultura en novembro.

Destacar a nosa presenza en **Mercartes**, o mercado das artes escénicas desenvolvido en Valladolid a finais de 2021. Baixo o lema *Galicia en escena*, instalamos un expositor destinado á difusión dos espectáculos galegos no principal mercado estatal para o intercambio comercial neste sector. A representación galega completouse cunha delegación empresarial formada pola asociación Escena Galega, a empresa Ainé Producións, as compañías Cía. Elvi Balboa, De Ste Xeito Producións, Culturactiva, Ibuprofeno Teatro, Nova Galega de Danza, Producións Dispersas e Redrum Teatro, así como do espazo Teatro Ensalle. Ademais, neste contexto, participamos na segunda asemblea anual de La Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de Titularidad Pública.

Canto aos **Premios de Teatro María Casares**, que en 2021 chegaron ao seu 25 aniversario, colaboramos un ano máis na súa celebración no marco do acordo asinado coa Asociación de Actores e Actrices

de Galicia (AAAG), organizadora desta convocatoria anual en recoñecemento público ao traballo dos profesionais do teatro galego. Nesta edición competiron 13 espectáculos por 14 galardóns.

Como vén sendo habitual, as propostas gañadoras coñecéronse no decurso dunha gala desenvolvida no Teatro Rosalía Castro da Coruña. Entre elas cómpre sinalar a coprodución do CCG *Bailar Agora*, de Marta Alonso Tejada, que acaprou os recoñecementos a actriz protagonista, iluminación e dirección. Tamén resultaron galardoadas as coproducións do CDG *Microspectivas dun marica millennial*, de Incendiaria, con actor protagonista e texto orixinal, *O premio*, de La Quintana, con maquillaxe, e *Os nenos da variola*, de Pérez & Fernández, como espectáculo infantil.

Ademais de impulsar as artes escénicas a través de axudas para a súa exhibición e distribución, apoiamos tamén a lectura dos textos dramáticos a través de diferentes **coleccións** que medran cada ano en colaboración con Edicións Xerais de Galicia e con Baía Edicións.

Así, en 2021 publicouse *As desterradas*, obra coa que Carme Varela obtivo o XXV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e que entrou a formar parte da colección **Biblioteca Dramática Galega**, editada con Edicións Xerais. Trátase do número 26 da serie creada para darlles visibilidade ás pezas recoñecidas tanto co Premio Álvaro Cunqueiro como co Manuel María para textos de literatura dramática infantil, declarado deserto na súa última convocatoria.

Por outra banda, en colaboración con Baía Edicións, publicamos as escritas gañadoras do **XIV Premio Barriga Verde** de textos para teatro de monicreques. Foron *República Sideral*, de Esther F. Carrodegas, na modalidade para adultos, e *Pois eu!*, de Carlos Losada Galiñáns, na infantil. Ambas integráronse na colección creada en 2004 para a publicación e distribución das obras distinguidas con este galardón, que leva o seu mesmo nome e suma xa 17 títulos.

Deste xeito poñemos á disposición dos lectores os textos recoñecidos con estes premios da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.

A maiores destas coleccións, editamos en colaboración con Edicións Positivas os textos das producións propias do CDG na colección **O papel do teatro**, que en 2021 sumou dous novos volumes coas escritas de *O charco de Ulises* e de *Terceiro acto*. Ademais das dramaturxias creadas por Santiago Cortegoso no primeiro título, e por Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez no segundo, as publicacións inclúen artigos asinados polo director do CDG, Fran Núñez, e pola dirección de escena, así como a relación de integrantes dos equipos artístico e técnico das montaxes. Preséntanse nun formato de peto con fotografías a cor de escenas das obras.



## 2.5 Producións e coproducións

A nosa actividade escénica arrincou en 2021 coa estrea en xaneiro, no Salón Teatro de Santiago, da produción propia do Centro Dramático Galego (CDG) **O charco de Ulises**, dirixida por Marián Bañobre e Santiago Cortegoso a partir do texto creado por este último. A peza sitúa o clásico de Homero nun contexto transatlántico, xerando un diálogo co mito orixinal para tratar o fenómeno da migración galega cun marcado compoñente poético. Fran Paredes e Inés Salvado encarnan os papeis de Ulises e Penélope, encabezando un elenco que completan Óscar Allo, Miguel Borines, Mónica Camaño, Rosalía Castro, Raquel Espada, Manuel Millán, Chusa Pérez de Vallejo e Paulo Serantes, ademais do músico Xosé Lois Romero.

*O charco de Ulises* estivo en cartel só dúas semanas, con 13 funcións, debido á suspensión de espectáculos por mor da pandemia da covid-19. Porén, a montaxe volveu aos escenarios para pechar o ano cunha das xiras máis amplas do CDG, con 23 pases. Entre novembro e decembro percorreu 22 escenarios, 18 en Galicia, dous en Portugal e dous na primeira viaxe a América dunha produción propia do CDG, ás capitais de Uruguai e Argentina, co apoio da Secretaría Xeral da Emigración.

A colaboración con Emigración fixo tamén posible ofrecer xa en xaneiro unha emisión en liña, a primeira feita desde o CDG, da nosa produción. Dirixida especialmente ás comunidades galegas no exterior, seguiu desde 800 dispositivos de 18 países e catro continentes.

**Terceiro acto** foi a segunda produción do ano do CDG, cun elenco formado por Belén Constenla, Roberto Leal, Fernando Morán, Mabel Rivera e Tatán R. Cunha. Estreámola en abril e estivo en cartel durante catro semanas nas que se ofreceron máis de 30 sesións. Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez son as directoras e dramaturgas desta obra, que ofrece unha reflexión sobre a última etapa da vida e reivindica o papel das persoas maiores na sociedade actual. A peza repúxose en xullo con catro novas funcións e representouse tamén na Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia.

A comezos dese mesmo mes, o CDG viaxou ao Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro (Cidade Real) para estrear **A contenda dos labradores de Caldelas ou Entremés famoso sobre a pesca do río Miño**, en coprodución coa Companhia de Teatro de Braga (CTB). A montaxe leva a escena a primeira peza teatral en lingua galega conservada, obra de Gabriel Feixoo de Araújo, co gallo do seu 350º aniversario. Dirixido por Fran Núñez co apoio dramaturxico do director da CTB, Rui Madeira, o espectáculo aborda as fronteiras e a loita de clases e polos recursos. Representouse ao longo do verán na vila portuguesa de Braga, así como nos concellos pontevedreses de Cangas e Tui, lugar este último no que se desenvolve a historia orixinal.



Paulo Bragança, Yeliz Balim, Rogério Boane, Sílvia Brito, Carlos Feio, Eduarda Filipa, Antonio Jorge, Grasiela Müller, Aisa Pérez e Solange Sá danlles vida ás personaxes dos bandos portugués e galego, nun espectáculo guiado por Fran Núñez como narrador e no que teñen especial protagonismo as coreografías de Belén Vázquez e Pilar Peña, do Centro Coreográfico Galego.

Xa en setembro, o Festival de Teatro Galego Celso Parada do Carballiño (Fetega) acolleu a estrea de **Serva me, servabo te** (Axúdame, axudareite, en latín), interpretada por Belén Bouzas, Olga Cameselle, Bal Castro, Raquel Crespo, María Llanderas, Diego M. Buceta, Fran Martínez e Cris Vilariño. Nesta creación de Belén Bouzas, Diego M. Buceta e Fran Martínez a dramaturxia xorde do movemento e do xesto, e con ela o CDG visibiliza o seu apoio ás novas

linguaxes escénicas. Tras a súa presentación, a montaxe estivo no Salón Teatro durante tres semanas con 11 funcións, e logo de viaxar a Lugo, Ferrol e Istambul (Turquía), repúxose con dúas sesións máis en outubro.

Desde a Agadic démoslles en 2021 un pulo especial ás **coproducións** nunha aposta pola dinamización da escena e polo reforzo da colaboración cos axentes do sector escénico e con outras entidades culturais.

No eido do teatro, estreamos as primeiras pezas coproducidas en marzo no marco do programa *Residencias artísticas do Gaiás*, desenvolvidas polo CDG e a Cidade da Cultura. De aí naceron os tres volumes de **Clásicas desfeitas**, nas que unha trintena de artistas reinterpretaron nove textos clásicos con anovadoras versións.

En xuño materializouse a primeira das coproducións coa creadora escénica AveLina Pérez, con **Por favor, ténteo novamente máis tarde**. A peza, que sitúa en escena dúas persoas que transitan polas súas obsesións e desamparos, estrouse no Teatro Ensalle de Vigo, tamén colaborador do proxecto xunto ás entidades locais A Casa Vella e Xerme Asociación Veciñal.

Nese mesmo mes presentamos **Dramawalker Vite**, unha ficción sonora para a recuperación da memoria do barrio compostelán de Vite, froito da colaboración entre o CDG, o Centro #Dramático Nacional (CDN) e a compañía Chévere.

Xa en setembro, viu a luz no Teatro Principal de Ourense **A lúa vai encuberta**, peza gañadora do II Certame Manuel María de Producións Teatrais e levada a escena en coprodución polo CDG e a Casa Museo Manuel María, co apoio da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo (MITCF) de Cangas, as deputacións da Coruña, Lugo e Ourense, e numerosos concellos. As compañías Incendiaria e A Quinta do Cuadrante interpretan a montaxe baixo a dirección de Tito Asorey.

A finais dese mes, o Real Mosteiro de Oia acolleu a posta en escena inaugural da outra coprodución do ano con AveLina Pérez, **ECO**, inspirada polos textos e debuxos feitos polos presos da guerra civil



española nas paredes do cenobio, convertido en campo de concentración.

En outubro, no marco do Festival Internacional de Teatro (FIT) de Cádiz estreouse **Fuenteovejuna. Historia del maltrato**, coprodución hispano-uruguaia na que participan o CDG, FIT 2021, o madrileño Teatro de la Abadía e Teatro Calderón de Valladolid. Nela, Marianella Morena traslada o clásico de Lope de Vega a un supermercado de hoxe onde non está moi claro que é romance e que é abuso de poder.

Novembro trouxo dúas novas coproducións, **O neno Groba e Música**, en colaboración coa Fundación Rogelio Groba e estreada en Oleiros, e **Cariño**, coa compañía Vaiembora e representada na Sala Ártika de Vigo. A primeira delas ofrece un espectáculo familiar centrado nas vivencias do compositor e director ponteareán Rogelio Groba, mentres que a segunda realiza unha viaxe para cuestionar os referentes actuais do amor romántico, os celos e a posesión nunha parella adolescente.

A ópera cómica **A sombra de Cristal** pechou as nosas coproducións teatrais do ano. Coa participación do CDG, a Real Filharmonía de Galicia e a Asociación de Amigos da Ópera de Santiago, e con música de Fernando Buide e texto e dirección escénica de Quico Cadaval, presentouse en Compostela no marco da programación sinfónica da Xunta polo Xacobeo 21-22.

Canto ao eido da danza, en 2021 estreamos seis novos espectáculos coproducidos polo Centro Coreográfico Galego (CCG), o que lles permitiu ás compañías dispoñer destas instalacións da Xunta para os ensaios, ademais de escenificar as pezas nas redes de distribución pública autonómica.

As primeiras en ver a luz foron as coproducións contratadas ao abeiro da convocatoria de 2020. **Festina Lente**, do Colectivo VACAburra, estreouse en setembro en Vigo. A montaxe propón unha reflexión do momento presente, nun mundo no que a 'pel-pantalla' coloniza as relacións sociais.

A proposta de Cía. Kirenia Danza **Tres tristes 2.0**, presentouse en setembro na Coruña. Busca recuperar mediante a 'arqueoloxía da danza' unha peza de repertorio dunha das compañías máis recoñecidas e importantes de Cuba, Danza Teatro Retazos. **Tres tristes tres** é a peza orixinal na que se inspira esta nova versión.

Por último, **Figuras do limiar**, de Javier Martín, estreouse en novembro en Valencia e chegou a Galicia xa en decembro, cunha representación en Oleiros. A peza parte da idea de tránsito que deriva da experiencia de cruzar o limiar e repara, entre outras fontes, no propio acervo cultural galego e nalgúns das súas figuras espectrais, como a Santa Compañía ou os personaxes do Entroido.

Pola súa banda, os tres espectáculos coproducidos polo CCG no marco da convocatoria de 2021 tiveron a súa posta en escena inaugural en decembro.

**Credo**, de Nova Galega Danza, foi presentada nas Pontes de García Rodríguez o día 3. Esta adaptación escénica de **Longa noite de pedra**, de Celso Emilio Ferreiro, fai referencia á viaxe interior que representa o



Camiño de Santiago, unindo na mesma liña conceptual os cruceiros de pedra que se atopan na paisaxe galega do percorrido xacobeo.

Na mesma data que a ante-

rior tivo lugar, en Lugo, a estrea de **Tabú**, de Colectivo Glovo. A beleza e as interrogantes sobre a historia dunha imaxe do Arquivo Municipal de Allariz, na que se retrata un equipo de fútbol feminino de 1925, serviron de punto de partida para a construción desta montaxe, que se mergulla nas travesías emprendidas por mulleres pioneiras.

Finalmente, o 22 de decembro presentamos na Coruña **Nó**, unha proposta de danza urbana con creación contemporánea da compañía Elahood e que centra a súa investigación arredor do concepto de nó como principio fundamental de coherencia. Arredor desta columna vertebral técese un conxunto de escenas e atmosferas, nunha viaxe que explora os diferentes espazos que ocupan os nós na nosa realidade.





3 | MÚSICA









Ao igual que no caso dos sectores audiovisual e das artes escénicas, o apoio á produción e á distribución son dous eixes fundamentais no noso impulso á música feita en Galicia e a todos os axentes implicados nela. ■ No caso da difusión traballamos desde diferentes vías, con liñas específicas para o desenvolvemento de xiras, feiras e festivais. Estes últimos concentran gran parte dos nosos esforzos, tanto a través dos eventos que se integran na marca FEST Galicia coma doutros. Todos eles contribúen á creación de experiencias en todo o territorio, no marco do noso obxectivo de consolidar Galicia como destino musical. As salas de concertos, as orquestras de verbena e as bandas de música centraron tamén a posta en marcha de diferentes programas de apoio adaptados ás súas necesidades. ■ En xeral, o ano 2021 estivo marcado polo reforzo das nosas axudas e a creación de novas medidas para darlles resposta ás especiais dificultades que atravesou a industria cultural da música por mor da pandemia. Ademais, a celebración do Xacobeo 21-22 e a súa aposta polos eventos musicais supuxo tamén un revulsivo para paliar as consecuencias das restricións nos espectáculos en vivo, cunha programación especial que se sumou aos circuítos xa consolidados, como a Rede Galega de Teatros e Auditorios ou Cultura no Camiño.





### 3.1 Apoio á produción

O lanzamento e a consolidación de carreiras musicais, a prol da profesionalización do sector, a normalización no uso da lingua galega e o enriquecemento cultural a través da música é unha das nosas prioridades, para a que puxemos en marcha xa en 2019 unha liña específica de apoio á produción fonográfica. Os novos traballos discográficos beneficiados por esta iniciativa en 2021 foron 18, aos que se lles adjudicaron máis de 100.000 euros. O orzamento distribuíuse entre 10 empresas musicais galegas para diferentes fases do proceso de edición das novas referencias, tanto de artistas emerxentes como de proxectos musicais de recoñecida traxectoria.

No caso de artistas emerxentes, apoiouse o lanzamento do primeiro disco en solitario de Berto, a metade do dúo Verto, por parte de Tremendo Audiovisual, así como os debuts do cantautor vigués Alex Monteagudo, presentado por Regala Música, e da proposta electrónica Las Palmeras, de Croma e DJ Murdock, editada por Visioners Entertainment. Os do Fondo da Barra, da man de Mare Producción, mais a banda feminina Shego e o proxecto conxunto de Ortiga e Grande Amore, baixo a denominación de Los Rastreadores, a cargo de Ernie Producciones, foron os outros beneficiarios.

Por outra banda, na modalidade dirixida a artistas que xa contaban con títulos anteriores no mercado, subvencionáronse outras dúas propostas de Ernie, cos discos de Grande Amore e de Vera Fauna, así como de Regala Música con Supermeiga, de Visioners Entertainment con Croma, de Tremendo Audiovisual con Familia Caamagno, e de Mare con Dani Cornes. A estes súmanselles o traballo de celebración do 40 aniversario de Brath a cargo de Sons Galiza Comunicación e os últimos discos de Sesó Durán, con Inquedanzas Sonoras, Monoulous Dop, con Seispés Producións Creativas, e As Faiscas con Xílgaro. Completan a listaxe as autoedicións do novo de Díos Ke Te Crew e de Mou, un dos integrantes da banda de Ordes.





### 3.2 Apoio á difusión e distribución

No marco do **apoió á distribución** nas industrias culturais, a través da que facilitamos a presenza da música de Galicia en diferentes localidades do resto de España e doutros países, destinamos 179.847 euros para máis de 40 xiras e promocións musicais. Ao abeiro desta liña celebráronse 18 concertos de Carlos Núñez en Francia, Reino Unido, Portugal e España. Tamén Novedades Carminha recibiu axudas para a súa xira española de 11 concertos e Luar na Lubre para seis actuacións na Península, entre outros moitos grupos e solistas.

Co cofinanciamento dos gastos que asumen as empresas na busca dunha maior difusión do seu traballo, impulsamos a distribución e comercialización dos produtos culturais galegos dentro e fóra da nosa Comunidade, ao tempo que fomentamos a captación de públicos e facilitámoslle á cultura galega o acceso a novos mercados internacionais.

#### Festivais

No noso apoio á difusión teñen especial relevancia os festivais de música, que contan cunha **liña específica de axudas**. En 2021, ante as necesidades extraordinarias derivadas da pandemia, modificamos as súas bases para facilitar o acceso e darlle unha resposta áxil. A dotación foi de 340.000 euros e distribuíuse entre 19 festivais.

Varios deles foron os desenvolvidos baixo a marca FEST Galicia. Foi o caso de Underfest SON Estrella Galicia e Vilablues Fest, que recibiron por primeira vez este apoio, ademais de SonRías Baixas, PortAmérica, Resurrection Fest Limited, Atlantic Fest, Festival de la Luz, Revenidas de Vilaxoán, Maré Músicas e Artes Atlánticas, WOS Festival x SON Estrella Galicia, Festival Sinsal SON Estrella Galicia, 17º Ribeira Sacra Festival e Vive Nigrán Picnic Pop Festival. Xunto a eles acolléronse a estas axudas:

**Morrasound Rock Fest** (2 e 3 de xullo). Desenvolvido en Moaña da man da Asociación Sociocultural Fontenla, incluíu 11 artistas no seu programa de música e artes escénicas, entre outras actividades.

Así, o seu cartel musical incluíu a Enxeito, Zalomon Grass, Los Enemigos, Inmaculate Fools, Bala, Anarchicks e The Broke, ademais de a Brais das Hortas e Peter Punk para o público infantil.

**Festival dos Eidos** (do 27 ao 29 de agosto). Organizado pola Fundación Uxío Novoneyra, celebrouse na casa natal do poeta en Folgoso do Courel cun programa multidisciplinar que ofreceu unha decena de concertos, recitais poéticos, danza, audiovisuais e a habitual ruta para avistar paxaros. As actuacións musicais correron a cargo de Davide Salvado, Califato DJ Set, DJ Tristán, Eladio & Uka, Román Gutiérrez, Xico de Cariño, Babykatze, Su Garrido Pombo, Xavi B e Sergio Canay.

**Canteira Fest** (17 e 18 de setembro). Celebrado na Canteira de Paredes, en Vilaboa, achegou o ocio alternativo ao rural a través de diversas actividades e a música en directo de artistas de Galicia, como O

Gato de Cheshire, Zeltia Irevre, Verto, Pauliña, Bravatukas, Migallas, A Rabela, Cuarta Xusta, Lisdexia e Paula Docampo.

**Melonafest** (5ª edición, do 22 ao 26 de setembro). Santiago de Compostela acolleu este festival organizado polo colectivo La Melona, con concertos de Adiós Amores, Autosacramental, Cabiria, Chico Blanco, Elba, Mariagrep, Rusowsky ou Sofía, entre outros nomes, xunto a propostas como charlas, obradoiros e unha ruta pola cidade.

Outro programa de patrocinio vinculado aos festivais de música é **FEST Galicia**, a marca creada pola Xunta para promocionar o territorio galego como destino musical, baixo criterios de calidade e sustentabilidade social. Acolle festivais que funcionan de xeito profesional e que se preocupan por achegarlle valor engadido á experiencia musical. Durante 2021 reforzamos o seu orzamento nun 25% respecto a 2020, chegando aos 500.000 euros. Co lema *Un destino musical seguro*, entre os meses de xullo e outubro desenvolvéronse 14 eventos adheridos a FEST Galicia, no marco da programación do Xacobeo 21-22:

**Atlantic Fest** (5ª edición, do 12 ao 24 de xullo). Desenvolvido en Vilagarcía de Arousa, abriu a temporada FEST Galicia 2021 con 13 citas musicais e a participación de 18 artistas e grupos en catro escenarios. No do Xacobeo 21-22 estiveron La Habitación Roja, María José Llergo, Derby Motoreta's Burrito Kachimba, Anni B Sweet e Rufus T. Firefly. Outros dos nomes do cartel foron Ortiga, León Benavente ou Sidonie.

**Vive Nigrán Picnic Pop Festival** (5ª edición, do 15 ao 17 de xullo). Ao pé de Praia América, presentou un cartel de oito concertos, con Sidecars, Natalia Lacunza, Ginebras, Locoplaya, Walls, Verto, Mounqup e Shinova. As actuacións completáronse cun amplo programa de ocio e cultura que integrou experiencias turísticas e de concienciación, como Vive sostible, Vive Activo e Vive Patrimonio.

**17º Ribeira Sacra Festival** (5ª edición, do 16 ao 18 de xullo). Tras arrincar cun concerto sorpresa a bordo do catamarán Ponte do Sil, tivo lugar en diferentes localizacións da Ribeira Sacra, conxugando concertos, propostas gastronómicas e diversas actividades vinculadas á contorna natural e patrimonial. No evento soaron The Gift, Depedro, Silvana Estrada, The Excitements, Budiño & Novoa, Alberto & García, Bronquio, Ian Kay e Terrier, entre outros.

**Festival Sinsal SON Estrella Galicia** (17ª edición, do 23 ao 25 de xullo). Celébrase na Illa de San Simón, en Redondela, sempre cun cartel sorpresa. En 2021 participaron grupos de Galicia e do resto de España, así como de Portugal e dos Estados Unidos, a maioría liderados ou compostos integramente por mulleres. Algúns dos nomes foron Leticia Rey, Elba, Queralt Lahoz, Tarta Relena, Siricaia ou a DJ Akazie. Vanguarda, sustentabilidade e natureza foron os eixes da súa programación.

**SonRías Baixas** (18ª edición, do 3 ao 8 de agosto). Organizado en Bueu, ofreceu dous directos diarios ao longo das seis xornadas no Recinto Multiúsos da Estacada. Nel houbo representación galega, con Sés,





Sabela e SonDaRúa, e grupos de referencia no panorama musical estatal, como Kase.O, La M.O.D.A, La Pegatina, Travis Birds, Muerdo, TéCanela, ISEO & Dodosound, Ciudad Jara e Tu Otra Bonita.

**Resurrection Fest** (14ª edición, do 26 ao 28 de agosto). Viveiro acolleu en 2021 unha versión *Limited* do maior festival de hardcore/punk e metal da Península Ibérica, cun formato especial adaptado ás medidas sanitarias. Contou coa participación de 15 coñecidas bandas do metal estatal e europeo, con Kreator, Eleuweitie e While She Sleeps, que deu aquí o seu único concerto en España, como cabezas de cartel. Xunto a estes figuraron Jinjer, Destruction, The Ocean, Angelus Apatrida, Crisix e No Turning Back, entre outros.

**Revenidas de Vilaxoán** (17ª edición, do 9 ao 12 de setembro). Tamén coñecido como Festival das Linguas, é outra das citas musicais en Vilagarcía de Arousa. A aposta pola música en galego é o seu sinal de identidade, en combinación con referentes da escena musical total. O seu cartel incluíu 15 concertos, con nomes como Tanxugueiras, Verto, Laura Lamontagne & Picoamperio, Los Chikos del Maíz, A Banda da Loba, Guadi Galego, Talco Maskerade e Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre, entre outros. Completouse cunha ampla oferta de actividades paralelas centradas na gastronomía, a cultura mariñeira e o circo.

**WOS Festival x SON Estrella Galicia** (7ª edición, do 10 ao 12 de setembro). Desenvolveu a súa versión *Lite Edition* en diferentes espazos de Santiago de Compostela, mantendo a súa esencia como encontro para as músicas e as artes de vangarda en todas as vertentes. Ademais dun amplo abano de proxectos *ambient* e minimalistas no seu cartel de concertos, incluíu cinema e un espazo de debate con tres faladoiros. O cartel musical apostou por artistas internacionais, con Eartheater, Elori Saxl, Galya Biengalieva, Grand River, KMRU, Jonathan Fitoussi, Lubomyr Melnyk e Driftmachine.

**Festival de la Luz** (9ª edición, do 10 ao 12 de setembro). Celebrado en Boimorto, naceu como un evento cultural e solidario organizado pola cantante Luz Casal na súa vila natal. Na última edición déronse cita 22 artistas nunha contorna rural e de natureza que un ano máis acolleu tamén zona infantil, gastroespazo e un mercado. Entre os nomes do cartel estiveron Coque Malla, \_Juno, Sabela, Def con Dos Tenores, Obús, Soleá Morente, Nil Moliner, Monoulious Dop e Broken Peach.

**Caudal Fest** (3ª edición, do 16 ao 18 de setembro). Tivo lugar no xardín do Pazo de Feiras e Congressos de Lugo baixo o lema *A última gran festa do verán*. Xuntou 11 artistas e grupos procedentes de Galicia e do resto de España nun variado cartel con Love of Lesbian, Nathy Peluso, La M.O.D.A., Bad Gyal, Iván Ferreiro, Sen Senra, Toundra, Shinova, Kutxi Romero, Ladilla Rusa e o lugués David Prado.

**Maré. Música e Artes Atlánticas** (17ª edición, do 23 ao 26 de setembro). Distintos escenarios de Compostela acolleron este evento que ofreceu máis de 30 propostas musicais e artísticas procedentes dunha decena de países e comunidades autónomas. Trátase dunha plataforma de intercambio cultural entre territorios que comparten lazos lingüísticos, históricos ou sentimentais. No escenario FEST Galicia actuaron Albert Pla, Ferrán Palau, Verto, Néboa, High Paw con Javier Vícalo e Familia Caamagno.

**PortAmérica** (9ª edición, 1 e 2 de outubro). En 2021 estreou nova sede na Azucreira de Portas. Baixo o lema *Orixé*, volveu combinar música, gastronomía e natureza para proporcionar unha experiencia integral de cultura e ocio, aínda que a segunda das xornadas, con nomes como Xoel López ou Vetusta Morga, tivo que ser cancelada por mor da meteoroloxía. No primeiro día actuaron Deluxe e Le Punk, con concertos únicos, ademais de Novedades Carminha, Jenny & The Mexicats, Ortiga, Eladio y Los Seres Queridos e La Duendeneta.

**Vilablues Fest** (5ª edición, do 1 ao 3 de outubro). Creado para achegar a música *blues* e de raíz a todo o público, celébrase en Noia e en 2021 fíxoo por primeira vez baixo a marca FEST Galicia. Nesta edición recuperou a súa dimensión máis internacional xunto a destacada representación galega. O escenario FEST Galicia ofreceu o son de Espiño, Shanna Waterstown, J.P. Bimemi & The Black Belts e Shirley Davis & The Silverbacks, ademais do concerto *Sempre Narf* en homenaxe ao músico compostelán, con Adrián Costa, Tail Dragger e Roy Ellis.

**Underfest SON Estrella Galicia** (4ª edición, do 7 ao 12 de outubro). Desenvolveuse nos principais escenarios de Vigo e en espazos singulares desta cidade con 14 concertos e un programa de actividades paralelas, como a exposición *O son do mar*. Préséntase como un festival ecléctico que combina diferentes estilos, fomentando unha experiencia musical diferente. Nomes como Mala Rodríguez, Rigoberta Bandini, Maria Arnal i Marcel Bagés, Toundra, Lina e Raúl Refree, Mastodonte, The Mystery Lights, BFlecha ou Margarida Mariño conformaron o cartel.

A maiores da liña de axudas e da marca FEST Galicia, numerosos festivais celebrados ao longo de 2021 en todo o territorio galego contaron tamén co noso apoio:

**Festival Internacional de Música de Ourense Pórtico do Paraíso** (14ª edición, do 4 ao 13 de xuño). Na súa aposta de unir música con destacados espazos patrimoniais e paisaxísticos, ofreceu concertos en mosteiros da Ribeira Sacra, co pianista catalán Daniel Ligorio, o conxunto asturiano Forma Antiqua e o acordeonista vasco Iñaki Alberdi. O recital inaugural na igrexa ourensá de Santiago de Caldas estivo a cargo do grupo italiano Lareverdie. A maiores, o Teatro Principal de Ourense acolleu un documental.

**Acento** (1ª edición, 20 e 21 de xuño). A Fundación SGAE organizou este novo ciclo de concertos que reivindica o uso do galego como lingua de expresión artística no marco do Día Europeo da Música. Incluíu tres concertos na sede da entidade organizadora, en Santiago de Compostela, con artistas e formacións galegas de estilos diversos como son Pauliña, Tanxugueiras e Grande Amore.

**TradFest** de Santiago (31 de xullo). Este evento herdeiro do antigo Certame Folk de Santiago de Compostela enmarcouse nas festas do Apóstolo. Ofreceu 20 concertos na praza da Quintana e no parque de Bonaval, ruadas e unha feira de artesanía, entre outras actividades, coa participación de máis de 60 artistas entre os que estiveron a Banda das Crechas, Felisa Sergade, Os da Porfía, Marcos





Coll, Caamaño & Ameixeiras, Sheila Patricia, Grupo 1500, Najla Shami, Arredor da Tradición e Cuarteto Caramuxo.

**Jam Sesión Jazz Lugo** (2ª edición, 29 de agosto). Enmarcada na programación do Xacobeo 21-22, reuniu máis de 100 artistas de Galicia na cidade de Lugo. A praza de Santa María foi o escenario para as máis de seis horas de jazz en directo da que foi a maior jam session das celebradas ata o momento en España. Coordinada pola Asociación Amigos do Jazz Escobijazz, a proposta percorreu a traxectoria dos máis grandes compositores dos inicios do xénero, entre 1910 e 1950. Como novidade, contou cun grupo de baile que interpretou diferentes temas de swing.

**MUMI. Músicas no Minho** (1ª edición, do 9 ao 11 de setembro). A Eurocidade Tui-Valença acolleu este encontro de profesionais das músicas galega e portuguesa dirixido especialmente ao sector musical e cultural co obxectivo de crear novos mercados e destacar o talento creativo de proximidade. Bandas e artistas procedentes de Galicia e de Portugal conformaron o cartel, que combinou concertos abertos ao público con sesións de traballo para profesionais. Algúns dos nomes da representación galega foron Familia Caamagno, Magín Blanco e A Banda das Apertas, Oíma, Os d'Abaixo, O Sonoro Maxín e Pulpiño Viascón. Pola parte portuguesa participaron Barry White Go Wrong, Cassete Pirata, Conjunto!Evite, emmy Curl, Jorge da Rocha, José Valente, Káustika, Ruma e The Guit Kune Do, entre outros.

**Festival de Jazz de Lugo** (31ª edición, do 5 ao 21 de novembro). Organizado pola Asociación de Amigos do Jazz de Lugo Escobijazz, acolleu 23 concertos en diferentes espazos. O seu cartel internacional incluíu formacións procedentes dos Estados Unidos, como The Huntertones & Shayla Steele ou Ghost Note, de Reino Unido, con Ray Gelato e The Giants, e de Arxentina, co trío de Federico Lechner e a cantante Sheila Blanco, así como de distintos lugares de Galicia e de España, como Xacobe Martínez Antelo Quinteto, Aló Django Quartet, Alba Careta Group ou The Mchetazo.

**Festival de Jazz & Blues de Ribadeo** (7ª edición, 4, 8 e 11 de decembro). Desenvolveuse no Auditorio Hernán Naval con Marlango como cabeza de cartel, xunto a Austin Slack, e Alfredo García Quintet.

**Musgo** (3ª edición, 17 e 18 de decembro). Ofreceu sete actuacións en tres locais icónicos da cidade ourensá. Na súa aposta pola vangarda e a canteira musical da Península, xuntou artistas, bandas e disc-jókeys de Galicia, doutras zonas de España e de Portugal, como Green T, Músculo!, Japimil DJ Set, Cabiria, Holy Nothing e MSNT co DJ Firmeza. Como actividade paralela organizouse a ruta cultural *O Camiño en Ourense*.



### Salas de concertos

Por outra banda, no eido do apoio á difusión tamén xogan un papel fundamental as salas de concertos. Neste sentido, como medida extraordinaria en resposta ás dificultades que atravesaron as **salas privadas que ofrecen espectáculos musicais** por mor da pandemia, habilitamos unha liña de axudas que posibilitou a organización de preto de 400 concertos de xuño a outubro en 28 espazos. Participaron máis de 300 solistas e grupos de todos os estilos

A sala que desenvolveu un maior número de concertos foi SalaSon, de Cangas, cun total de 40. Seguíronlle Sala Tebras, de Lugo, con 24, Queen, de Pontevedra, con 23, e Guión, de Pontedeume, con 20, ademais do Garufa Club da Coruña e da Sala Riquela de Compostela, con 17 actuacións cada unha delas.

A meirande parte dos espazos organizaron 15 ou 16 sesións musicais. Son os casos de A Ventana, de Laxe, Filomatic e Amura, da Coruña, Krazy Kray, de Cambados, e Gatos, en Melide, todos con 16 funcións. Con 15 sitúanse A Pousada da Galiza Imaxinaria, en Boiro, Sete Flores, no Carballiño, a Casa das Crechas, en Compostela, Ruído, en Ferrol, o Pub Baranda, no Barco de Valdeorras, Morango, en Lugo, e Mardi Gras, na Coruña. Por debaixo destas cifras están LaRoom de Ferrol, con 14 concertos, e Moon Music Club, en Santiago. Pola súa banda, Sala Jagger e Club Clavicémbalo, as dúas en Lugo, organizaron 13 e 10 sesións, respectivamente.

Cun investimento de 560.000 euros e inserida no marco do Xacobeo 21-22, a convocatoria naceu co obxectivo de achegarlles liquidez a estas salas para paliar os efectos económicos do seu peche por mor das restricións derivadas da covid-19, así como de facilitarlles a súa volta á actividade. Coa posta en marcha desta medida recoñecemos o papel fundamental das salas privadas de concertos para o sector musical, tanto polo seu impulso ás carreiras de solistas e grupos como polo seu papel na dinamización cultural das súas respectivas localidades.

Outra iniciativa creada en 2021 no marco da programación do Xacobeo 21-22 foi **Música en salas**, ao que destinamos un orzamento de 200.000 euros. A iniciativa naceu ao abeiro do convenio asinado coa Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo Clubtura para impulsar a recuperación da actividade musical en directo neste tipo de espazos, que ademais contou coa complicidade de Músicas ao Vivo como entidade que representa os intereses dos intérpretes.

Participaron 19 espazos que acolleron 134 concertos de máis dun cento de solistas e bandas galegas desde o 4 de novembro ao 19 de decembro. O programa congregou máis de 7000 persoas en locais de 12 vilas e cidades. Cómpre sinalar tamén a importante carga de traballo que supuxo para empresas e equipos técnicos da industria musical. Así, aos 395 músicos implicados súmaselles a contratación de 40 empresas e 52 profesionais para a produción dos concertos.

A meirande parte das salas participantes sitúanse na provincia da Coruña, con A Pousada da Galiza Imaxinaria en Boiro, A Ventana en Laxe, Borriquita de Belén, Casa das Crechas e Moon Music Club en Santiago de Compostela, Garufa Club, Jazz Filloa e Mardi Gras na Coruña, Guión Club en Pontedeume, La





Room e Sala Ruido en Ferrol, e Pub Gatos en Melide. Da de Lugo sumáronse á iniciativa Club Clavicémbalo e Sala Jagger, ambas na capital. A Arca da Noe, en Vilar de Santos, foi a única participante de Ourense e no caso de Pontevedra figuraron Kominsky e La Fábrica de Chocolate Club en Vigo, Krazy Kray en Cambados, e Náutico de San Vicente en O Grove.

A maiores, ao longo de 2021 foi posible gozar da emisión dos 131 concertos integrados no novo programa *Directos Xacobeo'21*, posto en marcha no verán do ano anterior para contribuír á recuperación da actividade empresarial e artística ao redor da música ao vivo. 108 artistas e bandas galegas participaron nesta iniciativa impulsada en colaboración coa Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo Clubtura.

As actuacións tiveron lugar en 35 salas de toda Galicia e foron gravadas para a súa posterior difusión. Dos espazos que acolleron as sesións, 16 sitúanse na provincia da Coruña, con Bâbâ Bar, Garufa Club, Playa Club, Filomatic e Mardi Gras na capital; A Pousada da Galiza Imaxinaria en Boiro, La Room e Ruido en Ferrol, A Ventana en Laxe, A Fundación e Pub Gatos en Melide, Sala Guión en Pontedeume, e Borriquita de Belém, Casa das Crechas, Moon Music Club e Sala Capitol en Santiago de Compostela.

Outros 13 pertencen á provincia de Pontevedra. Trátase de Aturuxo de Bueu, Krazy Kray de Cambados, SalaSon de Cangas, Sala Rebullón de Mos, Náutico do Grove e El Contrabajo, Kominsky, La Fábrica de Chocolate Club, La Iguana Club, La Pecera, Master Club, Radar Estudios e Sinatra Cóctel Bar de Vigo.

Da provincia de Ourense participaron A Arca da Noe de Vilar de Santos, Café Teatro Bajo 5 do Barco de Valdeorras, Café Cultural Auriense e El Pueblo de Ourense. Finalmente, de Lugo foron dúas as salas, Clavicémbalo e Sala Jagger.

Foron os propios responsables dos espazos participantes quen elixiron as súas respectivas ofertas musicais a partir de todas as propostas artísticas galegas, de moi variados estilos, recibidas por Clubtura mediante unha convocatoria.

### Programación especial Xacobeo 21-22

Por último, cómpre salientar o impulso que supuxo o Xacobeo 21-22 na difusión da música de Galicia, coa posta en marcha de programación especial.

O lírico foi un dos ámbitos beneficiados desta celebración, xa que a nosa colaboración anual coa **Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña** foi reforzada en 2021 incrementando ata os 200.000 euros a contía, un 33% máis con respecto ao ano anterior. Ao abeiro desta medida ofrecéronse as óperas *Payasos*, de Ruggero Leoncavallo, baixo a dirección de Fernando Briones e *La Parténope*, de G.F. Händel, dirixida por William Christie e o seu conxunto especializado en repertorio barroco Les Arts Florissants.

Outras óperas e espectáculos programados foron *Puritani*, de Bellini, o monólogo *El Reflejo* ou os concertos coas sopranos Lise Davidsen e Saويا Hernández e mais o barítono Leo Nucci, con arias e escenas

de óperas de Beethoven, Verdi, Wagner, R. Strauss, Rossini, Puccini ou Bellini. Tamén se incluíron un recital a cargo do dúo da soprano María José Moreno co barítono Carlos Álvarez, un ciclo de lírica inclusiva, un curso de interpretación vocal e outras actividades paralelas.

Tamén no marco da programación do Xacobeo 21-22, puxemos en marcha o ciclo de concertos de bandas de música *O país das bandas* ao abeiro da colaboración coa Federación de Bandas de Música Populares, na que cuadruplicamos o orzamento global ata os 400.000 euros. A iniciativa naceu co obxectivo de servir como motor para a recuperación da actividade bandística na nosa Comunidade, ademais de como plataforma para aumentar a súa visibilidade e reivindicar a súa calidade musical e labor divulgativo entre o gran público.

O ciclo arrincou o 1 de xullo en Vigo, coa actuación da Unión Musical de Valladares e pechouse o 3 de outubro no Rosal coa Agrupación Musical de Vincios tras percorrer máis de 6.000 quilómetros por toda Galicia. Ofrecéronse 97 concertos en case 90 localidades, coa participación de arredor de 4000 instrumentistas e directores de 76 formacións musicais. Cómpre sinalar tamén a implicación de máis de 500 profesionais directamente relacionados coa actividade das bandas.

Deste xeito, un de cada catro concellos galegos acolleu un concerto de *O país das bandas*, que estivo presente no 80% das comarcas levándolles a súa música tanto ás cidades como a pequenos municipios rurais sen tradición bandística. Co obxectivo de fomentar a interpretación de composicións de autoría ou temática galega, cada banda incluíu no seu repertorio como mínimo un terzo destas pezas. O total de composicións que soaron ascendeu a case 900.

Por outra parte, ao abeiro do convenio asinado coa Federación de Bandas de Música tamén se lle deu continuidade ao concurso de composición aberto a todas as persoas que presenten obras orixinais e inéditas de temática galega. A dixitalización do traballo das bandas populares foi outra das accións incluídas no acordo, coa creación dun espazo de xestión integral para levar a cabo diferentes comunicacións internas e externas. O obxectivo é dispoñer dunha canle para todos os trámites federativos, formalizar inscricións en certames e festivais e obter informes e estatísticas, que funcione á vez como espazo informativo de libre acceso para o público xeral.

A maiores, abrimos unha nova liña de axudas para impulsar a organización dunha vintena de **espectáculos musicais** no marco da celebración do Xacobeo 21-22. A medida dirixiuse especificamente a profesionais e empresas que rexistrasen perdas derivadas da crise producida pola covid-19.

A través dela destinamos 850.000 euros a 17 ciclos e eventos que sumaron un cento de actuacións entre xullo e decembro, tanto de artistas e grupos galegos como do panorama nacional e internacional. Buscouse tamén fomentar a recuperación das programacións culturais nas 17 localidades que acolleron os espectáculos, todas elas situadas en municipios de máis de 15.000 habitantes ou de interese turístico. Os eventos subvencionados foron:





**Pasatempo en Betanzos** (1ª edición, xullo). Con sesións todas as fins de semana de xullo, encheu de actuacións musicais o Parque do Pasatempo con destacados artistas do panorama nacional, como Bad Gyal, Prok, Taburete, M-Clan e Carlos Sadnes. Houbo tamén humor con Leo Harlem.

**EsPazo Fest** (1ª edición, xullo e agosto). Este novo ciclo de concertos desenvolvido en tres pazos de Nigrán naceu coa vocación de ofrecer experiencias musicais diferentes ao achegarlle tamén ao público patrimonio e degustacións gastronómicas, ademais doutras actividades. O seu primeiro cartel incluíu artistas como La Bien Querida, Coque Malla, Tequila, Marlango, Iván Ferreiro, Taburete e Carlos Sadnes.

**Concerto de Xoel López en Mos**, dentro do proxecto *Latitudes* (31 de agosto). Celebrouse co gallo do paso da Volta Ciclista a España por este concello pontevedrés. Nel o artista galego presentou o seu último disco *Si mi rayo te alcanzara*.

**Camións e Cantantes**. Tivo lugar o 8 de agosto en Samos e o 25 en Sanxenxo, cun espectáculo de La Oca Band. No concello lugués a orquestra estivo acompañada por Pili Pampín como artista convidada, e no pontevedrés sumáronse a ela tamén Eva Iglesias, Manuel Manquiña, Lucía Pérez e Pepo Suevos.

**Fisterra Blues Experience** (5ª edición, 18 e 19 de setembro). Evento no que paisaxe, natureza e patrimonio se uniron á música de Marcos Coll cunha serie de artistas convidados, así como á de Sés, Los Enemigos e DJ Mil. Houbo tamén experiencias, como *Blues a bordo* con Fisterra House Band ou a jam session *Conexións Atlánticas*.

**Lalín D-Fest**, (25 de setembro). Cos concertos de Delaporte, Delafé, Verto, Ale e Rapariga DJ, tivo lugar na véspera da LIII Feira do Cocido co obxectivo de que o público gozase tamén da oferta gastronómica da vila e contribuir así á dinamización da hostalería e do comercio.

**Marín É Música** (1ª edición, 9 de outubro). O Parque Azul da vila pontevedresa acolleu as dúas actuacións deste festival centrado no rap, co madrileño Rayden e o galego García Mc á fronte de Nación Quilombo. Como sorpresa, tamén subiu ao escenario o grupo de música galega Tanxugueiras.

**O Son dos Arrieiros** (29 e 30 de outubro). Ideado como festival de mediano formato, ofreceu na Estrada un programa fundamentado no rock 100% galego, con seis concertos de moi diferentes estilos nos que tamén se tivo en conta a perspectiva de xénero. Señora DJ, Terbutalina, Novedades Carminha, Bala, Agoraphobia e Heredeiros da Crus encheron o cartel.

**Noites do Porto** (1ª edición, do 29 ao 31 de outubro) Nova proposta musical na Coruña co obxectivo de dinamizar o sector da música ao vivo xunto co da hostalería e o turismo. Ofreceu os concertos de Derby Motoreta's Burrito Kachimba, Califato 3/4, Bad Gyal, Ángel Stanich e Xoel López no peirao de Batería. O evento aposta pola desestacionalización do ocio e a cultura, así como por un cartel de coñecidas figuras da música actual.

**Eidos de Outono** (2ª edición, do 30 de outubro ao 1 de novembro). Esta extensión do Festival dos Eidos celebrado no verán desenvolveuse tamén en Folgoso do Courel, cunha mestura de músicas de vangarda, poesía e natureza a cargo de Rodrigo Cuevas, Uxía-O, Wöyza & The Galician Messengers,

Califato 3/4, Xabi B DJ Set, Sila Lua e BabyKatze DJ Set. Houbo ademais unha lectura do libro de Uxío Novoneyra *Os Eidos. O libro do Courel* e unha ruta para avistar paxaros.

**Work on Sunday** (13 de novembro). Max Cooper ofreceu un exclusivo directo audiovisual na Sala Municipal de Exposicións Salvador de Madariaga da Coruña, no marco da aposta por traer a Galicia algunhas das propostas internacionais máis sobresaíntes da escena electrónica e experimental.

**Que Non Pare a Música** (1ª edición, do 12 ao 14 de novembro). A explanada do Pazo da Cultura de Pontevedra acolleu os concertos de Dakidarría, SonDaRúa, BoyanKa Kostova, Carlos Sadness, La Casa de los Ingleses, Cora Velasco, Furious Monkey House e Baiuca. Este novo programa ten como obxectivos a desestacionalización e descentralización da oferta musical en gran formato, a sustentabilidade, o impulso da presenza feminina e a aposta polas bandas locais, entre outros.

**Sinsal Museo do Mar** (1ª edición, 13, 20 e 21 de novembro). Novo ciclo desenvolvido en Vigo que xuntou tradición e vangarda da man de artistas e grupos de diversa procedencia, como Luísa Sobral, Adrian Timms, rebe, Marco Maril, Verde Prato, Nacho. Faia. Lar e Nico Casal.

**Porto Maresía: concertos con sabor a sal** (1ª edición, do 25 ao 28 de novembro). Este novo ciclo ofreceu catro concertos de música de Galicia, distribuídos nas cidades da Coruña, con Heredeiros da Crus e Ortiga, e de Vigo, con Andrés Suárez e Guadi Galego. A proposta fundaméntase na calidade da escolma de artistas, que representan diferentes estilos desde unha ollada propia e orixinal.

**Ciclo Xacobeo Importa** (10ª edición, novembro e decembro). Incluíu catro concertos de artistas internacionais. A banda danesa Efterklang abriu o ciclo en Santiago, seguido da estadounidense Cécile McLorin Salvant en Pontevedra, do alemán Christian Löffler en Vigo e do grupo estadounidense Cracker en Ourense.

**Ópera María Soliña** (estrea o 4 de decembro) Escenificada en Lugo, a ópera asinada por Nacho Mañá mestura música clásica e folk dun xeito pioneiro a partir da peza teatral *A defensa da vila*, de Xosé Manuel Pazos. A execución instrumental correu a cargo da Orquestra Sinfónica Vigo 430, coa contribución do gaiteiro Anxo Lorenzo e do mestre da zanfona Anxo Pintos. Coa soprano Patricia Rodríguez como protagonista, completaron o elenco Diego Neira, Christian Gil-Borrelli, Beltrán Iraburu, Lois Soaxe e o coro de Arreñegadas.

Concerto dunha **figura internacional** en Compostela, con Bonnie Tyler, que o 7 de decembro presentou en directo os temas do seu oitavo álbum, ademais repasar os seus grandes éxitos.

Por outra banda, en 2021 intensificamos o noso apoio ao sector da música de verbenas coa organización do **Festival de Orquestras de Verbena**, no que actuaron 50 coñecidas orquestras galegas en sete localidades. Organizados en colaboración coa Asociación Galega de Orquestras (AGO) e coa Asociación de Empresarios da Música da Verbena Galega, os concertos tiveron lugar a finais de setembro e comezos de outubro nos concellos da Coruña, Narón, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Lugo.





O circuito arrincou o sábado 25 de setembro no polígono Río do Pozo de Narón coas orquestras Los Satélites, Fania Blanco Show, Principal, Los Españoles, La Favorita, Tania Veiras e Finisterre. Nesa mesma xornada, a Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, acolleu as actuacións de París de Noia Show, Gran Parada, Capitol, Metrópolis, Atrévete, Galilea e Puzzle.

O domingo 26 foi a quenda do festival da Coruña, desenvolvido no recinto da Autoridade Portuaria con Cinema, Deluxx, Eureka, Essencia, Dilema, Stereo e Charleston. Na explanada de Expourense actuación América, Claxxon, Gran Casino, La Ola Adn, Unión y Fuerza, Grupo Ritmo e Acordes. O evento de Pontevedra foi no exterior do Pazo da Cultura con Marbella, La Oca, Triunfo, Televisión, Samba, América SL e Fama, e en Vigo, o Peirao de Transatlánticos foi o escenario para Solara, Los Player's, Aramio, Estrellamar, M3, Ritmo Joven e Magos.

No caso de Lugo, o festival tivo lugar o 2 de outubro no recinto do Pazo de Feiras e Congresos, con Costa Dorada, Arizona, Suavecito, Salsarena, Alma Latina, Lume, Tapyoka e Limón.

A iniciativa xurdiu do reforzo do convenio coas asociacións do sector, dotado inicialmente con 400.000 euros para apoiar a celebración de máis dun cento de actuacións e que se incrementou ata os 1,24 millóns de euros. Da nova inxección económica de 840.000 euros, 700.000 destináronse á organización dos sete festivais e 140.000 foron un aumento de crédito para fomentar a contratación de orquestras de verbena por parte doutras entidades, nas que asumimos o 40% do caché. Convertémonos así na primeira administración autonómica en adxudicar axudas específicas para a música de verbena e conseguimos que, a pesar das restricións derivadas da pandemia, se celebrasen 152 concertos de orquestras.

A maiores dos eventos musicais, co gallo da celebración do Xacobeo 21-22 colaboramos con **Escoita o Camiño. Escoita Galicia**, unha nova campaña de promoción internacional da música de Galicia en formato Play List posta en marcha pola Fundación SGAE. A iniciativa naceu co obxectivo de achegarllas ás persoas que peregrinan a Compostela e ao público xeral a nosa riqueza e variedade musical. Así, ofreceuse a través da canle Spotify unha escolma co número simbólico de 2022 temas de 1.000 artistas e formacións musicais de Galicia, agrupados en 22 listaxes temáticas de reprodución que suman 136 horas de escoita de música galega.

### Outros circuitos de difusión

Outra importante canle de difusión na que a música ten unha destacada presenza está na **Rede Galega de Teatros e Auditorios** (RGTA), constituída en 1996 co obxectivo de impulsar a distribución dos espectáculos galegos e cofinanciada coas 40 administracións locais asociadas. A programación da RGTA sumou en 2021 máis de 500 funcións en dous períodos, de xaneiro a xuño e de xullo a decembro. No primeiro semestre houbo que suspender espectáculos por mor da pandemia e adiar medio cento das sesións. Porén, puidemos recuperar a meirande parte das funcións e só un 10% delas tiveron que ser aprazadas á segunda metade do ano.

Do total de representacións ofrecidas, 34 foron concertos a cargo de 32 artistas ou grupos. Budiño, Guadi Galego, Mercedes Peón, Tanxugueiras, Uxía, Susana Seivane, Sés, Martins Aneiros Band e Sumrrá son algúns dos nomes que participaron na programación da RGTA en 2021.

As contratacións destes espectáculos levámolas a cabo a través de **Galescena.gal**, o principal instrumento de traballo para todos os axentes que teñan relación coas nosas programacións, como compañías, grupos de música ou programadores. Trátase dunha intraweb que facilita a xestión das nosas redes de programación, de xeito que todos os trámites de inscrición, contratación e rexistro de asistencia, entre outros, se poidan facer a través desta ferramenta.

Á RGTA súmaselle no impulso aos espectáculos musicais **Cultura no Camiño**, tamén xestionado a través de Galescena.gal e que conta coa colaboración da empresa de alimentación Gadis. En 2021 bateu todos os récords de participación coa adhesión de 164 concellos que ofreceron de xullo a setembro máis de 650 actuacións, das que máis de 200 foron concertos. Co obxectivo de dinamizar a oferta cultural a través da súa descentralización, reforzouse o investimento nun 33%, chegando ao millón de euros.

Malia as limitacións da capacidade en cumprimento das medidas sanitarias vixentes en cada momento, o público asistente aos espectáculos superou as 80.000 persoas. Participaron arredor de 200 compañías galegas de teatro, danza, novo circo, maxia e música. Destas, 96 foron grupos de música que ofreceron 203 concertos.

### 3.3 Formación e innovación

Un ano máis colaboramos coa Fundación Paideia na organización do ciclo de **Xornadas de Industrias Musicais**, que en 2021 chegou á súa quinta edición baixo o título *Amplificando o directo: novos escenarios na contorna dixital*. Co obxectivo de promover o intercambio, o debate e a reflexión entre profesionais da industria musical, houbo tres xornadas nos meses de marzo, abril e maio. Nelas abordáronse as posibilidades dos medios dixitais para o desenvolvemento das carreiras de artistas que emprenden no sector musical e ofrecéronse *showcases* de formacións ou solistas emerxentes de Galicia.

Foi por primeira vez un ciclo de encontros itinerantes. O primeiro deles, *Monetiza a túa música en liña*, tivo lugar no Salón Teatro e contou coa participación de Ana Biedma, A&R Label Manager en Altafonte, e Saúl Cabrera, director para España e LATAM en Emu Bands. A cantautora galega Sheila Patricia pechou a sesión coa súa música.

A Cidade da Cultura acolleu o segundo dos encontros, centrado no contido audiovisual no éxito musical, con Karen Saurí, video music producer na axencia audiovisual Canada, e Jesús Guisado, codirector do festival Monkey Week. A derradeira xornada foi no Náutico de San Vicente do Mar, no Grove, coa manager Rosa Lagarrigue e a experta en medios de comunicación e radiofórmula Sandra Rotondo. Ambas





analizaron o desenvolvemento do talento no escenario dixital. O peche musical estivo a cargo de Catuxa Salom.

Ao abeiro da nosa colaboración coa Fundación Paideia organizamos tamén unha nova edición do concurso para músicos e bandas emerxentes *Sonidos Mans*. A iniciativa dirixese a artistas e grupos españois que non editasen nin distribuísen de xeito comercial, co obxectivo de facilitarlles a difusión do seu traballo ao incluílo na programación de espazos e eventos musicais. Ademais, teñen a posibilidade de gravar nos Estudios Mans e de actuar no Náutico de San Vicente do Mar, no Grove.

### 3.4 Outras accións

**BIME City** (9ª edición, 27 e 28 de outubro). O encontro profesional Bizcaia International Musical Experience desenvolveuse con máis de 40 concertos en diferentes espazos de Bilbao co noso apoio para garantir a presenza galega nesta iniciativa que lle dá voz ao talento emerxente. A música electrónica de Allova e o *trad* de Xisco Feijóo foron os artistas elixidos pola organización para representar a Galicia en 2021, aos que se lles sumou Sés.

**Worldwide Music Expo-Womex** (27ª edición, do 27 ao 31 de outubro). Apoiamos a presenza da música galega neste multitudinario evento internacional coa organización dun encontro coas promotoras galegas acreditadas, así como a través da colaboración con Tanxugueiras para o concerto que ofreceron no Lusofónica Stage.

Como vimos facendo desde o seu inicio, en 2021 mantivemos o noso compromiso cos **Premios Martín Códax da Música**, que chegaron á súa oitava edición da man da asociación Músicas ao Vivo. Ademais das 17 categorías musicais convocadas, nesta oitava edición incluíse un premio extraordinario ás salas e festivais galegos en apoio polas dificultades que atravesan por mor da crise sanitaria. O galardón recaeu na sala Mardi Gras da Coruña, un dos espazos que organizou numerosos concertos ao abeiro das nosas liñas de axudas. A gala de entrega tivo lugar en outubro no Pazo da Cultura de Pontevedra.

Cómpre sinalar tamén que durante todo o 2021 se emitiron semanalmente en Televisión de Galicia e por Radio Galega Música os 50 concertos do programa musical **Galicia Emerxe**, gravados o ano anterior nun plató instalado para este fin na Cidade da Cultura de Galicia. A través desta iniciativa, 50 grupos e artistas musicais do país realizaron cadansúa actuación, dándolle forma a un proxecto xurdido do acordo entre a Xunta e a CRTVG para contribuír á actividade da industria musical galega durante a pandemia.



### GalicianTunes

Como acción de dinamización contamos tamén coa plataforma **galiciantunes.com**, que baixo o lema *De verdade coñeces a música que se fai en Galicia?* busca apoiar a música feita en Galicia ou por cidadanía galega no exterior, así como festivais e empresas da industria musical con sede no país.

Por unha banda, funciona como un catálogo que reúne perfís de artistas e grupos, festivais e empresas. Na actualidade hai máis de 600 artistas e grupos con perfil na plataforma, con 2.600 vídeos e información de 1.800 discos, aos que se suman 31 festivais e 71 empresas.

Por outra, é un medio de apoiarmos a promoción que fan artistas, grupos e festivais do seu traballo. Para isto publicamos información de actualidade tanto na web, con entrevistas semanais a artistas ou grupos, coma en Facebook, que suma 6.871 gústame e 7.436 seguidores. Ademais, creamos listaxes de reprodución na propia web, YouTube (244 subscritores e 18 listas) e Spotify (246 seguidores e 34 listas), tanto por xéneros (folk, pop, rock...) como temáticas (relaxación, vídeos de animación...) e de novidades.

En 2021 producíronse 36 novas incorporacións á plataforma, na súa maioría artistas e grupos, superando a cifra de 600. Tamén se publicaron 118 noticias na web, das que 47 foron entrevistas dos artistas e grupos da semana, e 476 entradas en Facebook. A maiores efectuáronse 88 accións sobre listas de reprodución na web, YouTube ou Spotify, creándoas ou actualizándoas, sen contar a lista de novidades de Spotify, que se actualiza constantemente.

Como novidade en 2021, a canle de YouTube de GalicianTunes albergou por primeira vez contidos non producidos pola propia plataforma cos máis de 100 vídeos dos *Directos Xacobeo '21*.



XUNTA  
DE GALICIA

Xacobeo 21-22

## 4 | ACCIÓNS TRANSVERSAIS

Fundamentará os alicerces

Editorial Galaxia, unha publicación de Editorial Galaxia e do grupo de Editorial Galaxia, con sede en Santiago de Compostela, Galicia, España. A Editorial Galaxia é unha entidade de carácter social, sen ánimo de lucro, que se dedica á publicación de libros e revistas. A Editorial Galaxia é unha entidade de carácter social, sen ánimo de lucro, que se dedica á publicación de libros e revistas.

ESPAZO LIBRO | 19.00-19.30 h

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación

Editorial Galaxia, Presentación





Ademais das iniciativas que desenvolvemos de xeito específico para cada unha das nosas áreas de actividade, desde a Agadic promovemos accións de carácter transversal a prol do conxunto das industrias culturais. Nesta liña colaboramos en eventos de carácter multidisciplinar e poñemos á disposición dos profesionais do sector ferramentas que lles faciliten o desenvolvemento e a difusión do seu labor. ■ Así, ao longo de 2021 renovamos o noso compromiso con dous encontros clave para as industrias culturais galegas como son a feira Cultural e o Foro de Edición e Deseño FEED 2021. Tamén publicamos unha guía legal especialmente creada para artistas e aberta a calquera persoa interesada nos aspectos relativos á autoría.





A feira **Culturgal** desenvolveu a súa 14ª edición do 26 ao 28 de novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra, baixo o lema *A cultura que toca*. Coa Xunta como principal institución patrocinadora, a renovación do noso compromiso co evento responde ao seu relevante papel na posta en valor da cultura nas súas múltiples facetas e manifestacións e, en consecuencia, dos profesionais do sector en Galicia.

Ademais da achega económica de 65.000 euros, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades organizou 13 actividades enmarcadas nunha ampla programación e instalou un expositor como punto de encontro arredor da actividade cultural promovida pola Administración galega. Así, a través da feira, déronse a coñecer numerosas iniciativas postas en marcha en 2021, como publicacións, certames creativos, o Bono Cultura ou o Hub Audiovisual. Tamén se fixo un avance de 2022 no que se refire ás programacións culturais da Xunta, proxectos galegos no ámbito dos videoxogos e diferentes accións centradas no eido dixital.

A nosa participación directa centrouse na presentación das novas producións do Centro Dramático Galego e do Bono Cultura. Tamén organizamos o foro *O potencial galego nos videoxogos e o seu impulso a través do Hub Audiovisual da Xunta de Galicia*, no que interveu o noso director, Jacobo Sutil, xunto a Xosé Manuel Rey e Luz Castro, secretario e tesoureira da asociación Videoxogo.gal.

Ademais, abordamos a importancia de Galicia como polo de atracción de rodaxes a través da análise de *RAPA*, a nova serie de Portocabo para Movistar+, coa participación de Jacobo Sutil, o CEO de Portocabo e produtor executivo da serie, Alfonso Blasco 'Fosco', e do creador e guionista Pepe Coira.

Culturgal 2021 sumou un cento de actividades distribuídas arredor dos espazos temáticos Foro, Libro, Cinema, Infantil, Auditorio e Arte Contemporánea, entre outros. A feira galega das industrias culturais está promovida pola asociación Culturgal, que engloba á súa vez as asociacións profesionais máis representativas do sector en Galicia, dándolles voz a unhas 200 empresas: Asociación Galega de Editoras (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Empresas Galegas Dedicadas a Internet e ás Novas Tecnocloxías (Eganet) e Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi).





Por outra banda, co obxectivo de divulgar entre os profesionais da creación e das industrias culturais a lexislación e outros aspectos xurídicos básicos arredor dos dereitos de autor, coeditamos xunto coa Universidade de Santiago de Compostela a **Guía legal para autores e artistas de Galicia**. O avogado Ramón Rey García é o autor da publicación, deseñada cun formato manexable e escrita cun estilo sinxelo, sen menoscabo do rigor académico. Trátase de que sirva de material de consulta tanto para os profesionais da cultura como para calquera persoa que precise abordar aspectos legais relativos á autoría.

O volume abrangue as múltiples casuísticas dos dereitos de autor segundo o tipo de obra ao que se refiran, desde o audiovisual ata o software, pasando polas composicións musicais e as creacións literarias, dramáticas, coreográficas ou plásticas, entre outras. Pódese adquirir a través da Librería Institucional da Xunta e dos puntos de venda físicos.

Outra das accións transversais coas que queremos apoiar o conxunto das industrias culturais materialízase na nosa colaboración co **Foro de Edición e Deseño FEED 2021**, que se celebrou en outubro no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), en Santiago de Compostela. A nosa implicación neste evento impulsado pola Asociación Galega de Deseño vén desde o seu inicio, en 2006, no marco do apoio aos sectores culturais e creativos con iniciativas que permiten, non só o desenvolvemento individual de artistas, senón preservar a actividade e o emprego no ámbito das industrias culturais en xeral.

Creado coa finalidade de darlle visibilidade ao potencial do deseño en Galicia, tanto desde o punto de vista creativo como económico e social, o evento ofreceu obradoiros e relatorios centrados na virtualidade, na artesanía dixital e nos artefactos visuais, entre outros temas. Laurent Ogel, Julia Esqué, Laura Hernández, Ana Moliz, Pablo Honey ou Verónica Fuerte son algúns dos nomes do deseño nacional que participaron no encontro, aberto tanto a profesionais en activo como a estudantes dese ámbito.

Ademais, esta edición do FEED foi o prólogo do 9º Encontro Nacional de Deseño, que se desenvolveu a partir da xornada seguinte no mesmo espazo, o CGAC, e no Museo do Pobo Galego, tamén co apoio da Xunta.





# 5 | ANEXOS



# 1. Liñas de subvención

TOTAL DE PROXECTOS ADXUDICATARIOS  
**505**

TOTAL DE EUROS ADXUDICADOS  
**9.224.710,89€**

## ■ Audiovisual

PROXECTOS  
**109**

CONTÍA  
**4.763.578,18€**

### ■ Subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
XVII Play-Doc, Festival Internacional de Documentais de Tui	Asociación Cultural Enfoques	36.930,96 €
XVIII Festival de Cans de Curtametraxes 2021	Asociación Cultural e Deportiva do Porriño Arela	28.419,73 €
Festival Internacional de Cinema Curtocircuíto 2021	Auditorio de Galicia	36.240,05 €
XII Mostra Internacional de Cinema Periférico	ESEB Asociación Cultural (S8)	29.624,56 €
Festival Carballo Interplay 2021	Concello de Carballo	14.584,09 €
16 edición da MICE. Mostra Internacional de Cinema Etnográfico do Museo do Pobo Galego	Padroado do Museo do Pobo Galego	5.171,44 €
Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Ed. 05	Matriuska Producciones, S.L.	9.949,08 €
Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu	Asociación FICBUEU	16.984,10 €
43 Semana de Cine de Lugo	Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá	7.350,09 €
Festival de Cine Inclusivo de Vigo	Asociación Galega Audiovisual Inclusiva	2.239,77 €
6 Edición Festival Internacional de Curtametraxes de Verín	Asociación Audiovisual Vía XIV	3.220,89 €
INTERSECCIÓN-Festival de Arte Audiovisual	Asociación Cultural Albatros	7.042,72 €
Galician Freaky Film Festival 5Edition	Asociación Cultural Abella Producións	866,45 €
Festival Primavera do Cine	Reencanto Producións Asociación	1.376,07 €
<b>TOTAL 14</b>	<b>14</b>	<b>200.000,00 €</b>

### ■ Axudas para o fomento e promoción de rodaxes audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do Programa Hub da Industria Creativa Galega

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Rodaxe da Serie Rapa	Portocabo TV SL	300.000,00 €
Hasta el Cielo-La Serie	VACA NET TV SL	300.000,00 €
Serie Argonautas	Portocabo TV SL	350.000,00 €
Longametraxe 13 exorcismos	13 E Movie A.I.E.	350.000,00 €
<b>TOTAL 4</b>	<b>3</b>	<b>1.300.000,00 €</b>

### ■ Subvencións para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais de contido cultural galego

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
As Neves	Cósmica Producións, S.L.	252.164,14 €
Un pasado por diante	Quien a Hierro Mata, A.I.E.	252.164,14 €
Sica	Miramemira, S.L.	252.164,14 €
La parra	Filmika Galaika, S.L.	96.986,20 €
Operación Marea Negra	Marea Blanca La Serie, AIE	252.164,14 €
Fatum	Vaca Films, S.L.	252.164,14 €
O diario de Alicia	Alice la Serie, AIE	155.177,93 €
Chica e Lobo	Sygnatia, S.L.	252.164,14 €
TROKERS, o noso mundo está nas súas mans	Producións A Fonsagrada, S.L.	155.177,93 €
Dúas vellas, sete gatos, tres máquinas de coser	Agallas Films, S.L.	77.588,97 €
Salvaxe, salvaxe	Xiana Gómez Díaz	60.024,18 €
Calada	Viva Zapata y Villar, S.L.	77.588,97 €
Rapa	Rapa a Película AIE	77.588,97 €
Hoxe e o resto do mundo	Matriuska Producciones, S.L.	77.588,97 €
O capitán	Vizuals Lab, S.L.	51.402,69 €
2084	Somadrome Films, S.L.	67.890,35 €
O affair	Pulsa Control Z, S.L.	15.000,00 €
Alicia fai cousas	Ángel Santos Touza	15.000,00 €
Habitar	Sétima S. Coop. Galega	15.000,00 €
Madalenas	Gaitafilmes, S.L.	15.000,00 €
Túa será a terra	Rebordelos, S.L.	15.000,00 €
Nena	Undodez, S.L.U.	15.000,00 €
<b>TOTAL 22</b>	<b>22</b>	<b>2.500.000,00 €</b>

### ■ Subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
As defensas	A Cósmica Producións, S.L.	20.000,00 €
Vidas perras	Francesc Xavier Font Pijuán	20.000,00 €
A barreira de cristal	Olló Vivo, S.L.	10.000,00 €
Nunca te rindas	Danga Danga Audiovisuais, S.L.N.E.	10.000,00 €
Tralovento	Zeitun Films, S.L.	20.000,00 €
Onte á noite conquistei Tebas	Filmika Galaika, S.L.	20.000,00 €
Cuñados	Portocabo TV, S.L. +	20.000,00 €
A cotío	Fronza Galega de Sonido, S.L.	20.000,00 €
A lúa en setembro	Olló Vivo, S.L.	20.000,00 €
Só o ruído pode salvarnos	Ángel Santos Touza	20.000,00 €
Nus	Audiovisual, S.A.	20.000,00 €
O loro de emperador	Abano Producións, S.L.	20.000,00 €
La noche es mía	Vaca Films Studio, S.L.U.	20.000,00 €
A Lúa, as pedras de papel	Matriuska Producciones, S.L.	20.000,00 €
O pesadelo das vacas	Matriuska Producciones, S.L.	20.000,00 €
Xalundes	Rebordelos, S.L.	10.000,00 €
Golpear a un coloso	Recrea Films, S.L.	10.000,00 €
<b>TOTAL 17</b>	<b>15</b>	<b>300.000,00 €</b>



### ■ Subvencións a proxectos desenvolvidos por empresas galegas de exhibición cinematográfica de carácter comercial que contribúan a garantir e fortalecer a súa viabilidade

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Volta ao cine en galego	Santiago Díaz García	10.000,00 €
Duplex cinema 2021	Nocturama SL	11.000,00 €
Cinema independente en vo	Numax S. Coop Galega	11.000,00 €
Codex cinema, calidade e seguridade	Sons Galiza Comunicación SL	11.000,00 €
Implantación tecnoloxía dixital	Colegio M. Auxiliadora Salesianos	7.340,00 €
Mantemento de exhibición cine na Comarca da Mariña	Cine Donde no hay cine SL	10.000,00 €
Cines Gran Vía	Ciproga SA	13.000,00 €
Cines Cantones	Ciproga SA	13.000,00 €
Campañas reaperturas e promoción	María Alonso Rivero	10.000,00 €
Cines Pontevedra/Gran Arousa/Plaza Elíptica	Coruña Films SL	39.000,00 €
Sist germi clean e acción xermicida	Gaper Cines SL	7.430,00 €
Exhibición de películas nacionalidades diversas	Ruta de Comunicaciones SL	10.000,00 €
Cines Cinexpo Pontevedra	Exhibiciones Cinematográficas Pato & Miguel SL	13.000,00 €
Cines Cancelas-Cines Marinada	Cinesa Cia de Iniciativas y Espectáculos SA	26.000,00 €
Cines Cristal	Trailer Cines SL	9.000,00 €
Rosales	Yelmo Films SL	13.000,00 €
Vigo	Yelmo Films SL	13.000,00 €
Coruña	Yelmo Films SL	13.000,00 €
<b>TOTAL 18</b>	<b>15</b>	<b>239.770,00 €</b>

### ■ Subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Baixo risco	Helena Girón Vázquez	5.000,00 €
O paso das formigas	Sara Traba Rotea	5.000,00 €
As aspis	Berio Molina Quiroga	5.000,00 €
Invernadoiro	Daniel Domínguez García	5.000,00 €
Terás que saltar	Irene Basanta Pin	5.000,00 €
Maluca	David Alonso González	5.000,00 €
Gran Sol	Adrián Canoura Sánchez	6.000,00 €
Desembocadura	Daniel Viqueira Carballal	6.000,00 €
Caderno	Ana María Domínguez Díaz	6.000,00 €
Malosera	Santiago Diéguez Risco	6.000,00 €
Xineceo	Laura Cotelo Bouzas	6.000,00 €
Nese momento o amor foi escuro e só puiden chorar	Aldara Rodríguez Pagán	6.000,00 €
Anatomía dunha serea	Belle Films and TV, S.L.	4.000,00 €
Somnia	Coven Films, S.L.	4.000,00 €
A unidade componse da desorde	Álvaro Liste Fernández	30.000,00 €
Ödland	Milpinton Filmes, S.L.	30.000,00 €
Aurora	Gaitafilmes, S.L.	30.000,00 €
A arte de ser (mal) pai	Miraveo Assets, S.L.	15.000,00 €
Amnesia 3.0 (T2)	Aqueladas S. Coop. Gal. Xuvenil	15.000,00 €
<b>TOTAL 19</b>	<b>19</b>	<b>194.000,00 €</b>

### ■ Subvencións para a comercialización e difusión de proxectos e obras audiovisuais galegas en foros de negocio especializados e eventos de cine que teñen lugar fóra de Galicia

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CERTAME	CONTÍA
Augas abisais	Xacio Rodríguez Baño	Festival da Curtametraxe Clermont Ferrand	1.011,23 €
Augas abisais	Xacio Rodríguez Baño	Festival de Cine Español de Málaga	500,00 €
Os corpos	Filmika Galaika, S.L.	Festival da Curtametraxe Clermont Ferrand	1.500,00 €
Eles transportan a morte	Filmika Galaika, S.L.	La Biennale di Venezia/Settimana Internazionale della Critica	3.500,00 €
Os corpos	Filmika Galaika, S.L.	Bafici: Competencia Vanguarda e Xénero (curtas)	1.500,00 €
Sycorax	Filmika Galaika, S.L.	Festival de Cannes 2021-Quinzaine des Réalisateurs	2.000,00 €
Miguel's war	Zeitun films, S.L.	Internationale Filmfestspiele Berlin (seccion Panorama)	3.500,00 €
Miguel's war	Zeitun films, S.L.	Festival de Cine Europeo de Sevilla-Las nuevas olas	1.500,00 €
Eles transportan a morte	Filmika Galaika, S.L.	Festival Internacional de Cine de San Sebastián, Zabaltegi-Tabakalera	2.500,00 €
Sycorax	Filmika Galaika, S.L.	Festival Internacional de Cine de Toronto	2.000,00 €
Ningún río me protexe de min	Gonzalo Enríquez Veloso	Zinebi-Festival Internacional de Cine Documental e Curtametraxe de Bilbao	500,00 €
Jacinto	Javier Camino Miguélez	Sitges-Festival Internacional de Cinema Fantastic de Cataluña, Panorama Fantàstic	1.000,00 €
¿Qué hicimos mal?	Matriuska Producciones, S.L.	Festival de Cine Europeo de Sevilla	2.000,00 €
Tres	Tres la Película Frida Nadir, A.I.E.	Sitges-Festival Internacional de Cinema Fantastic de Cataluña	2.500,00 €
Tres	Tres La Película Frida Nadir AIE	La Biennale di Venezia/Giornate degli Autore	3.500,00 €
5 proxectos: Somos criminais, Aquí Tou, The Santa Company, Detective Toxeira, Xeonósica	Undodez, S.L.U.	American Film Market	296,95 €
Welcome to ma maison	Gaitafilmes, S.L.	Festival Internacional de Cine de Gijón	500,00 €
<b>15</b>		<b>9</b>	<b>29.808,18 €</b>



# Escena

PROXECTOS  
107

CONTÍA  
1.430.152,13€

## Subvencións ás actividades de distribución para industrias culturais. Modalidade A (artes escénicas)

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Xira nacional directo 9	Ruth Balbis Calviño	6.295,00
Xira "Fariña" 2021	Ainé Producións, S.L.	25.000,00
Xira La Macana 2021	Catarina Varela Garea	10.881,43
Gira Matarile 20/21	Vallés y Patiño, SC	21.125,25
Xira Electo	Contraproducións, SL	13.803,46
Xira nacional Lázaro e Quixote	Juan Rodríguez Santiago	5.000,00
Xira-Títeres Cachirulo 2021	Títeres Cachirulo, SL	8.624,04
Antes de que llegue la bestia Xira nacional	Teatro Ensalle, SLL	9.569,85
Xira complexo de Edipo de Cadaval	Producións Teatráis Excéntricas, SL	1.442,84
Xira Madrid e Tenerife 2021	Javier Fernández Martín	1.840,00
Xira exterior PataPatúm 20-21	Elefante Elegante, SC	4.400,00
Xira 2021 Mapa de Colectivo Glovo	Hugo Guilherme Pires Pereira	5.216,00
Xira Orquestra Malabares	Pista Catro Productora de Soños SL	25.000,00
Xira Nacional 2020-2021	Caramuxo Teatro SC	1.338,31
El Dispositivo Xira nacional	Teatro Ensalle, SLL	7.596,00
Xira nacional Set de Paula Quintás	Paula Quintas Santos	1.573,16
Festival Maf Santander	El Retrete de Dorian Gray, S.C.	260,87
Xira estatal Elisa e Marcela	A Panadaría Sociedade Cooperativa Galega	9.935,18
Xira 1	Galitoo CSA 2005, SL	5.087,16
Xira 2	Galitoo CSA 2005, SL	1.764,27
Xira Nacional Plastic	Paula Quintas Santos	1.573,16
Xira Othello Abadía - Valladolid-Fuengirola	Voadora S. Coop Galega	10.392,00
Xira exterior BaobabTeatro	Baobab Teatro, SL	1.348,77
Xira España parte 1	Jesús Velasco Otero	706,35
Xira España parte 2	Jesús Velasco Otero	876,00
Xira España parte 3	Jesús Velasco Otero	1.032,24
Ummm! Una comedia musical para chuparse los dedos. Xira nacional 2021	Artika, C.B.	1.619,38
Xira España parte 4	Jesús Velasco Otero	985,92
Xira España parte V	Jesús Velasco Otero	750,60
Xira exterior A Xanela do Maxín	A Xanela do Maxín, SL	3.640,00
Tanxarina	Tanxarina, SL	4.475,42
"Si esto es un hombre" da compañía Cámara		
Negra no Teatro del Barrio de Madrid	Carlos Alvarez-Ossorio Ramos	690,41
DFeria e 3 festivais - Badajoz, Leiría e Nurenberg	Elefante Elegante, SC	10.898,00

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Bailar agora en Costa Rica	Marta Alonso Tejada	1.982,02
Madrid nadal 2020	El Retrete de Dorian Gray, S.C.	219,72
O mel non caduca no Festival Miguel Torga de Mondim de Basto	Ibuprofeno Teatro, SL	1.408,00
Tres vellas en Caminos da Música Ponferrada	Producións Teatráis Excéntricas, SL	648,00
Santa Inés no Fitei	Inés Portela Barreiro	1.088,90
Corps Sonore en Aragón e Francia	Neodans, SC	1.066,67
Cadaval no Festival dentro da casa. Á beira da Aldeia	Producións Teatráis Excéntricas, SL	536,00
Xira Alén da Nosa Terriña 2020-2021: Murcia, Sevilla e Bulgaria	Elena Varela Barrio	2.988,27
Tres vellas en Festival Faranduleo -Ventanas escénicas	Producións Teatráis Excéntricas, SL	556,00
Xira Mircromina 2021 Cádiz-Burgos	Antonio Rodríguez Arenas	1.112,00
Feelings en Madrid e Albacete	María Janet Novas Rodríguez	401,14
Rosalía - Fetén 2021	Culturactiva SCOOP Galega	772,07
Cadaval na 7ª Semana Cultural		
Converxencias Portugal-Galicia	Producións Teatráis Excéntricas, SL	307,92
Mercedes máis eu en Palmadansa e Cádiz en Danza	María Janet Novas Rodríguez	2.480,00
Distribución "Métanse nos seus asuntos" en el Festival Encuentros Santa Cruz de Tenerife	Nuria Sotelo Rodríguez	611,46
Cadaval conta cos Inocentes en Nit's D'estiu	Producións Teatráis Excéntricas, SL	212,00
Xira Nacional O raro é que bailar sexa raro	Andrea Quintana Camiñas	412,48
Xira viaxe á lua - Meet You Valladolid	Voadora S. Coop Galega	1.660,00
Xira de "O Premio"	Mª Victoria Teijeiro Alvarez	2.700,00
DFeria	Contraproducións, SL	302,94
Asistencia DFeria	Carlos Martínez Carbonell	181,12
Asistencia a MADferia 2021	Mª Josefa Mariño Carreira	281,66
Asistencia a Umore Azoka 2021	Mª Josefa Mariño Carreira	234,74
Asistencia a Fetén 2021	Mª Josefa Mariño Carreira	274,01
Asistencia a Feria de Teatro de Castilla y León	Mª Josefa Mariño Carreira	281,66
Xira galega Excéntricas	Producións Teatráis Excéntricas, SL	4.819,57
Dist int Redrum	Redrum Producciones, SL	14.761,02
Representacións en Galicia de A lingua das bolboretas	Sarabela, SL	12.982,44
Soga e Cinsa	Diana Mera Estévez	13.358,30
Xira Galicia A Xanela do Maxín	A Xanela do Maxín, SL	2.798,00
Xira A Gárgola do Mestre Mateo	A Xanela do Maxín, SL	3.972,95
<b>TOTAL 64</b>	<b>41</b>	<b>280.152,13</b>



### Subvencións a festivais de artes escénicas

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
XXXVIII Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas 2021	Asociación Cultural Xiria	40.373,54 €
30 Festival Internacional de Outono de Teatro (Fiot)	Asociación Cultural Telón e Aparte	42.119,48 €
XXVI Festival Internacional Galicreques 2021	Asociación Cultural Barriga Verde	32.074,53 €
Singular. VI Festival do Monólogo Teatral	Padroado da Cultura do Concello de Narón	8.971,90 €
Festaclovn Vilagarcía 2021	Culturactiva SCOOP Galega	15.380,25 €
Fito 2021	Sarabela SL	20.385,87 €
Mostra de Teatro	Concello de Cariño	21.334,64 €
Festival Corpo (a) Terra 2021	Asociación Traspediante Cultura	9.490,70 €
XXII Festival Internacional de Títeres de Redondela	Asociación Xente Titiriteira	9.869,09 €
<b>TOTAL 9</b>	<b>9</b>	<b>200.000,00 €</b>

### Subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Programación Sala Ártika 2021	Artika, CB	55.393,85 €
Axuda a salas. Teatro Ensalle 2021	Teatro Ensalle, SLL	49.663,75 €
Programación sala Gurugú 2021	Gurugú Producciones, SL	21.539,03 €
Sala Teatro del Andamio 2021	Teatro del Andamio, SL	23.403,37 €
<b>TOTAL 4</b>	<b>4</b>	<b>150.000,00</b>

### Subvencións á creación escénica

#### MODALIDADE 1: Nova creación

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Tacão	Rafael Rey Domech	13.852,75 €
Ragazzo	Anxo Outumuro Abad	8.279,24 €
Home	Antón Coucheiro Failde	4.646,72 €
Nikita Nimoni - Arredor do mundo	Mónica Paradelo Cuñarro	2.706,40 €
Hotel Europa	Javier Gómez Lojo	15.890,28 €
Amantis	Rebordelos, SL	11.364,27 €
Lara Hierro	Constanza Garabatos Funes	13.260,34 €
<b>TOTAL 7</b>	<b>7</b>	<b>70.000,00 €</b>

#### MODALIDADE 2: Teatro, novo circo e maxia

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Morgana en Esmelle	Sarabela, SL	48.050,42 €
Cigarreiras	Contraproduccións, SL	47.380,99 €
Lao Lao e dragón de xeo	Títeres Cachirulo, SL	16.727,15 €
O porco de pé	Producións Teatráis Excéntricas, SL	29.709,33 €
Inloca	Vallés y Patiño, SC	35.188,51 €
Smoke on the water	Ibuprofeno Teatro, SL	30.823,03 €
As alumnas	Culturactiva, S. Coop. Galega	15.734,08 €
Alma de Tigre	Elefante Elegante, SC	28.729,20 €
A Cazola de Lola	Tanxarina, SL	19.226,86 €
Palabras	Baobab Teatro, SL	20.196,63 €
Paxaros no Cabo	Pista Catro Productora de Soños, SL	29.001,43 €
Hoax Hamlet	Voadora, S. Coop. Galega	42.833,68 €
Leonardo e os Biosbardos	A Xanela do Maxín, SL	25.856,57 €
Comando Comadres	Artefeito Produccións, S. Coop. Galega	18.242,41 €
Coprodución A Familia Real	Diana Mera Estévez/Sonsoles Cordón Troncoso	20.839,16 €
A Familia Brañas	Cristina Collazo Gómez	4.275,55 €
<b>TOTAL 16</b>	<b>16</b>	<b>432.815,00 €</b>

#### MODALIDADE 3: Danza e artes do movemento

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Memo (título provisional) Cía. Ensalle	Teatro Ensalle, SLL	24.000,00 €
DeMente	Francisco Agustín Sieira González	20.360,00 €
Couch	Marta Alonso Tejada	22.950,00 €
Cantas patas para un banco?	Álvaro Reboredo Ortega	15.375,00 €
O Deus do Pop	Diego Anido Alonso	14.500,00 €
<b>TOTAL 5</b>	<b>5</b>	<b>97.185,00 €</b>

#### MODALIDADE 4: Creación escénica de carácter trianual

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Nec Mea Vox / Habeas Corpus	Malasombra Produccións, SL	100.000,00 €
Gloria nacional e Último verán en Santa Cristina	Teatro do Noroeste, SL	100.000,00 €
<b>TOTAL 2</b>	<b>2</b>	<b>200.000,00 €</b>

<b>TOTAL 30</b>	<b>30</b>	<b>800.000,00 €</b>
-----------------	-----------	---------------------



# Música

PROXECTOS  
123

CONTÍA  
2.034.980,58€

## Subvencions para o desenvolvemento de proxectos de programación musical en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais con público, dentro da programación do Xacobeo 2021

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Proxecto de Programación Musical		
El Pelicano de Galicia, SL	El Pelicano de Galicia, SL	20.000 €
Programación Musical Sala Inn Club, SL	Amura Puerto, SL	20.000 €
Ciclo Xacobeo ao Vivo	Bixo Arenteiro, SL	20.000 €
Concertos na Sala Sónar Xacobeo 2021	Sonar 2012, SL	20.000 €
Salas Concertos	Kangas City	16.976 €
Brnd con Xacobeo 2021	Pub Baranda, SL	20.000 €
Ferrol Caldeira de sons	Larroom Producciones, SL	20.000 €
Reactivación da Actividade Sala Krazzy Kray	Fonosaurios, SL	20.000 €
Programación Sala Guión	Dois, SC	20.000 €
Xacobeo na Casa	Ruído Blanco Ferrol, SL	20.000 €
Programación de Xacobeo 2021	Dux Coruña, SL	20.000 €
Concertos Anubis Tui	Domjul, SL	20.000 €
Concertos Sala Moon	Turihost, SL	20.000 €
Xacobeo 21 Cafeteatrobajo5	Nayaymanu, CB	20.000 €
Xacobeo en Salas 2021	Club Clavicémbalo, SL	20.000 €
Concertos Sala Queen	Domher, SLU	20.000 €
Xacobeo 21 A Ventana	Fernando José Paredes Correa	20.000 €
Concertos do Xacobeo 2021 en Sala Jagger Longue	Quirgan Lucus, SL	20.000 €
De Concertos 2021 Club Garufa Coruña, SLL	Club Garufa, SL	20.000 €
Casa das Crechas Festival	Casa das crechas, SL	20.000 €
Maridaxes Sonoras	Riquela Music, SL	20.000 €
Actuacións musicais para os meses de setembro e outubro	Accipiter Gentilis, SL	20.000 €
Programación 2021 na Sala Gatos de Melide	Fernando Casal Neira	20.000 €
Xullo Musical, Cultura de Proximidade	Santamaría Somoza, SL	20.000 €
Festival Músicas Diversas	Sons Galiza Comunicación,SL	20.000 €
Sala Mardi Gras 15 Concertos Xacobeo 21	Yoltown, SL	20.000 €
Concertos Sala de Festas Morango Villa Romana 2021	Morango Villa Romana, SLU	20.000 €
Actuacións musicais en Discoteca Chanteclair	Besovi, S.L.	20.000 €
<b>TOTAL 28</b>	<b>28</b>	<b>556.976 €</b>

## Subvencions ás actividades de distribución para industrias culturais. Modalidade B (música)

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Xira 2020-2021	Keltia Producións, SL	25.000,00 €
Xira Mercedes Peón	Culturactiva SCOP Galega	6.894,09 €
Xira 2021	Samuel Diz Sierpes	4.128,00 €
Xabier Díaz. Inicio presentación As catedrais silenciadas	Xabier Díaz Carro	4.790,00 €
Xira Oscar Ibáñez & Tribo 2021	Sonido e Iluminación Goyplason SL	11.000,00 €
Mª Jesús Suárez García	Terruño y Música SL	7.899,00 €
Sés en concerto	Ozono Horizonte Musical SL	11.770,00 €
Aila en concerto	Kalderón Producciones Culturales, SL	5.120,00 €
Uxía en Oviedo, Braga e Polonia	Mª Uxía Domínguez Senlle	3.533,46 €
Xira Xoel López	Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U.	1.980,00 €
Xira Carlos Sadness	Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U.	3.000,00 €
Xira Novedades Carminha	Ernie Producciones, SL	12.274,04 €
Xira Niños Mutantes 2021	Ernie Producciones, SL	6.371,87 €
Xira Ortega 2021	Ernie Producciones, SL	2.478,34 €
Xira Vera Fauna 2021	Ernie Producciones, SL	3.875,75 €
Sumrra no Festival de jazz de Menorca	Inés Portela Barreiro	2.290,70 €
Susana Seivane no Cornamusam	Mare Coordinación Producción, SL	1.753,37 €
Guadi Galego - Festival Ellas crean	Culturactiva SCOP Galega	1.500,02 €
Orchestra Galega de Liberación no Festival Jazz no Eixo	Inés Portela Barreiro	2.314,00 €
Oíma en la Setmana de la Cultura Popular de Palma	Aitana Cuétara Yáñez	565,72 €
Puerta Sur en el Festival "Jazz en Noviembre" de Sevilla	Aitana Cuétara Yáñez	330,65 €
Uxía no concerto de apertura de Womex	Mª Uxía Domínguez Senlle	250,00 €
Talabarte-Festival Acordeños do Mundo	Culturactiva SCOP Galega	549,63 €
Xisco Feijóo en Festival Polirritmia	Nalgures Producións, SL	4.626,70 €
Enredadas en Festival Folk Plasencia	Mª Uxía Domínguez Senlle	250,00 €
Luar na Lubre Xira 2021	Terruño y Música SL	17.101,00 €
Anxo Lorenzo en concerto	Ozono Horizonte Musical SL	1.632,00 €
A historia da verbena 2021	Grupado 2015, SL	11.067,11 €
Inés Portela Barreiro	Inés Portela Barreiro	1.206,00 €
Xira Vetusta Morla	Esmerarte Industrias Creativas, SL	11.400,00 €
A Pedreira nos festivais de Artes a rúa e Entre cidades	Nordesía Prod, SL	1.448,00 €
Abraham Cupeiro no Festival Artes a rúa (Evora)	Nordesía Prod, SL	900,00 €
Classical Next (Rotterdam)	Beatriz Rodríguez Fontán	1.350,00 €
Asistencia ás feiras Flhim, Bime Pro, Mil, Womex e Primavera Pro	La Yogurtera, SL	1.329,86 €
Womex Oporto 2021	Music Arte Rey Saavedra, S.C	477,00 €
Mercat de Vic	Music Arte Rey Saavedra, S.C	590,00 €
Asistencia a Bime 2021	Adhesión Mercantil Coruñesa, SL	495,00 €
Asistencia a Bime Pro	Lospregos, SL	787,52 €
Asistencia a feiras industria musical	Decantador de ideas, SL	1.341,20 €
Womex 2021, Bime 2021 e Mmvy 2021	Jau Cultura, SL	1.515,04 €
Asistencia a tres feiras	Nordesía Prod, SL	2.662,80 €
<b>TOTAL 41</b>	<b>24</b>	<b>179.847,87 €</b>



### Subvencións a festivais de música

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Revenidas 2021	Revenidas, SC	27.900,93 €
Festival de La Luz	Zircozine, SL	28.396,53 €
Festival Sinsal Son Estrella Galicia	Sinsalaudio, S.L.	21.402,39 €
Maré. Músicas e artes atlánticas	Nordesía Prod, SL	23.661,42 €
Atlantic Fest 2021	New Live Prom, SL	30.657,94 €
Festival Sonrías baixas	Play Plan Cultural SLU	31.781,35 €
Resurrection Fest limited 2021	O.N.P. Producciones, SL	30.902,93 €
Portamérica 2021	Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U.	31.742,62 €
Wos festival 2021	Work on sunday, SL	21.629,15 €
Festival 17º Ribeira Sacra 2021	Dezasete grados, SL	20.927,20 €
Melonafest 2021	AC La Melona	8.106,21 €
Festival Underfest	Sweet Nocturna, SLNE	14.551,69 €
Musgo 2021	Doppler Gestión Cultural, SC	2.474,50 €
Vilablues Noia Fest	Mulas Produccións, SL	11.730,36 €
Festival Secreto	Francisco Javier Abreu Fernández	1.684,73 €
Vive Nigrán 2021	Vive Nigrán, SL	19.148,93 €
Morrasound Rock Fest 2021	Asoc Cultural E Fontenla	3.205,74 €
Festival Canteira Fest	AC Cultural Asemblea da mocidade de Vilaboia	1.741,08 €
Festival dos Eidos	Fundación Uxío Novoneyra	8.354,30 €
<b>TOTAL 19</b>	<b>19</b>	<b>340.000,00 €</b>

### Subvencións para profesionais autónomos e empresas que sufran perdas de ingresos derivados da crise provocada pola COVID-19, para desenvolver espectáculos musicais con público, dentro da programación do Xacobeo 21-22

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
EsPazo Fest	Organización de Ideas de Éxito SL	60.000,00 €
As noites do Porto	Adhesión Mercantil Coruñesa SL	60.000,00 €
Que non pare a música	Global Setup SL	60.000,00 €
Pasatempo en Betanzos	Francisco Gómez Seijo	60.000,00 €
Estrea en Lugo da ópera María Soliña	Nalgures Produccións SL	45.315,13 €
Xacobeo Importa	Sweet Nocturna, S.L.N.E.	60.000,00 €
Camiñantes	Grupado 2015 SL	8.000,00 €
Porto Maresía	Gestión Cultural Art Music Agency SL	50.518,54 €
O Son dos Arrieiros	Dotbeat S.C.	49.500,00 €
Son do mar	Sinsal Audio SL	35.000,00 €
Fisterra Blues Experience	Nordesía Produccións SL	42.975,20 €
Bonnie Tyler en concerto	Mulas Produccións SL	60.000,00 €
Eidos de Outono	Eidon Musical, SL	49.587,20 €
D- Fest	I-Radia Crea SL	44.080,00 €
Latitudes	Esmerarte Industrias Creativas SL	60.000,00 €
Phanta du Prince 'Conference of Trees'	Work on Sunday SL	45.000,00 €
Marín É Música	Play Plan Cultural SL	58.505,64 €
<b>TOTAL 17</b>	<b>17</b>	<b>848.481,71 €</b>

### Subvencións para a produción fonográfica

PROXECTO	PERSOA BENEFICIARIA	CONTÍA
Shego "1º disco"	Ernie Producciones, SL	2.000,00
Las Palmeras	Visioners Entertainment, SL	1.950,00
LR "1º disco"	Ernie Producciones, SL	2.000,00
Berto	Manuel Tarrío Cao	2.000,00
Os do fondo da barra	Mare Coordinación Producción, SL	2.000,00
Alex Monteagudo	Regala música, SL	1.980,00
40 + 3	Sons Galiza Comunicación, SL	7.600,00
Seso Durán - "Ascensión"	Óscar Domínguez González	10.000,00
Supermeiga	Regala música, SL	9.900,00
GA "2º disco"	Ernie Producciones, SL	10.000,00
Familia Caamagno-Novo traballo disc.	Manuel Tarrío Cao	10.000,00
SA "2º disco"	Ernie Producciones, SL	10.000,00
Human máis ca Human	Visioners Entertainment, SL	8.999,90
Novo disco Monoulous Dop	Seispés Produccións Creativas	6.300,00
Dios ke te crew -Novo lanzamento	Javier Mourón Figueroa	10.000,00
Mou - Novo lanzamento	Javier Mourón Figueroa	1.768,00
Faiscas	Xílgaro, S.C.	6.027,27
Dani Cornes	Mare Coordinación Producción, SL	7.150,00
<b>TOTAL 18</b>	<b>10</b>	<b>109.675,17</b>



## Cultura no Camiño

CONCELLOS  
166

CONTÍA POR CONCELLO  
6.000€

TOTAL  
996.000€

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
A Baña	A Fonsagrada	A Mezquita	A Cañiza
A Laracha	A Pontenova	A Peroxa	A Guarda
A Pobra do Caramiñal	Alfoz	A Pobra de Trives	Arbo
Ames	Antas de Ulla	A Teixeira	As Neves
Ares	Baleira	A Veiga	Baiona
Arteixo	Becerreá	Allariz	Caldas de Reis
Boiro	Begonte	Amoeiro	Campo Lameiro
Brión	Burela	Bande	Crecente
Cabana de Bergantiños	Castro de Rei	Baños de Molgas	Covelo
Carballo	Castroverde	Barbadás	Cuntis
Cariño	Cervo	Boborás	Dozón
Carnota	Cospeito	Carballeda de Avia	Forcarei
Carral	Chantada	Castrelo de Miño	Gondomar
Cedeira	Foz	Castro Caldelas	Lalín
Cee	Friol	Celanova	Marín
Corcubión	Guitiriz	Cortegada	Moaña
Curtis	Guntín	Cualedro	Mondariz
Fene	Lourenzá	Entrimo	Mondariz-Balneario
Fisterra	Meira	Lobios	Moraña
Frades	Mondoñedo	Maceda	Ponte Caldelas
Lousame	Monforte de Lemos	Manzaneda	O Grove
Melide	Monterroso	Melón	O Porriño
Mesía	Muras	Montederramo	O Rosal
Miño	O Corgo	Monterrei	Ponteareas
Neda	O Incio	Muíños	Portas
Negreira	O Páramo	O Barco de Valdeorras	Rodeiro
Noia	O Saviñao	O Irixo	Salceda de Caselas
Ordes	O Vicedo	O Carballiño	Salvaterra de Miño
Ortigueira	Palas de Rei	Padrenda	Sanxenxo
Outes	Pantón	Parada de Sil	Silleda
Padrón	Portomarín	Pereiro de Aguiar	Soutomaior
Pontedeume	Quiroga	Petín	Vila de Cruces
Porto do Son	Rábade	Porqueira	Vilaboa
Ribeira	Ribas de Sil	Ribadavia	Vilanova de Arousa
Sada	Riotorto	San Amaro	
Santa Comba	Sarria	Taboadela	
Sobrado	Sober	Toén	
Teo	Trabada	San Cristovo de Cea	
Tordoia	Triacastela	San Xoán de Río	
Touro	Valadouro	Verea	
Trazo	Viveiro	Verín	
Val do Dubra	Xermade	Viana do Bolo	
Valdoviño		Vilamarín	
Zas		Xinzo de Limia	
		Xunqueira de Espadañedo	



## 2. Convenios

CONVENIOS <b>18</b>	ENTIDADES BENEFICIADAS <b>22</b>	DOTACIÓN TOTAL <b>2.620.000€</b>
------------------------	--	-------------------------------------

### Liña Feiras e festivais

#### Actividades de difusión e promoción da música operística

##### Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña

Produción da ópera *Payasos*, de Ruggero Leoncavallo, como homenaxe a unha figura central da música que dende Galicia conquistou os principais escenarios do mundo, a soprano compostelá Ofelia Nieto, e representación da ópera *La Parténope*, de G.F. Händel, en versión concerto, da man de William Christie, un dos nomes máis importantes da música barroca.

200.000€

#### Feira das Industrias Culturais-Culturgal

##### Asociación Culturgal

XIV edición da Feira das Industrias Culturais-Culturgal, a gran cita das industrias creativas, que inclúe actuacións en directo de música e artes escénicas, presentación de produtos culturais, proxectos e servizos, proxeccións audiovisuais, encontros profesionais, debates, coloquios e foros de opinión, encontros de creadores e profesionais co público asistente, obradoiros formativos e outras actividades culturais.

65.000€

#### Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

##### Concello de Ribadavia

XXVII edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que celebra os 37 anos do seu nacemento e que recupera a súa dimensión internacional, volvendo a traer os mestres da escena contemporánea mundial, poñendo en marcha catro coproducións con compañías galegas, así como colaboracións con artistas que desexan avanzar na proxección internacional e buscando incidir tamén na consolidación dun público novo a través do programa *A miña primeira MIT*. O apoio ao teatro afeccionado, programas novos como *DraMITurga*, de apoio e estímulo á dramaturxia galega actual, e *FormITea*, obradoiro de creación e coreografía escénica, e outras actividades paralelas como a concesión do premio de honra Roberto Vidal Bolaño ao méritos nas artes escénicas, obradoiros e presentacións de libros teatrais dan corpo á edición 37 da MIT.

60.000€

#### Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF)

##### Fundación Carlos Velo

XXVI edición do Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF), certame conformado polas dúas seccións oficiais competitivas (longametraxes e curtametraxes) e ás que se suman as estreas mundiais nas sesións de apertura e clausura e programas complementarios, como o taller formativo *Fas Muvis*, o *OUFF Escola* e diferentes ciclos temáticos como *Inédito en Ourense*, *Cine na cadea*, *Cine e Auga*, *México documentais*, *Panorama galego*, *Cine Xacobeo*, *Film Francophone D'Ángolême*.

60.000€

#### Programación de espectáculos no Mercado de artes escénicas Galicia Escena PRO

##### Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas- Escena Galega

Desenvolvemento de actividades relacionadas coa programación de espectáculos na VIII edición do mercado de artes escénicas Galicia Escena PRO 2021, centradas na selección de espectáculos, na coordinación e apoio á posta en escena nos diferentes espazos de exhibición e no establecemento de canles de comunicación entre compañías e axentes do sector de cara a estimular a dinámica comercial e a proxección social da creación escénica galega.

50.000€

### Liña Premios do sector

#### Premios do Audiovisual Galego

##### Mestre Mateo

##### Asociación Academia Galega do Audiovisual

XIX edición dos Premios Mestre Mateo, convocatoria que recoñece e estimula o labor desenvolvido pola profesión audiovisual en Galicia ao longo de 2020 nun total de 27 categorías divididas en dúas modalidades, categorías de produción e categorías profesionais, ademais do premio de honra Fernando Rey, distinción que premia a traxectoria profesional, e o premio revelación Chano Piñeiro, co que se pretende destacar iniciativas, profesionais ou fitos no audiovisual galego.

50.000€

#### Premios de Teatro María Casares

##### Asociación de Actores e Actrices de Galicia

XXV edición dos Premios de Teatro María Casares, que inclúe a concesión dos premios para catorce categorías, ás que optan producións galegas de teatro de actor estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020, así como todos os profesionais que participen nas montaxes nese período, e que outorga, ademais, o Premio de Honra Marisa Soto como recoñecemento a unha traxectoria ou labor, persoal ou colectivo, a prol da promoción do teatro galego.

30.000€

#### Premios Martín Códax da Música

##### Asociación Músicas ao Vivo

VIII edición dos Premios Martín Códax da Música, convocatoria destinada a proxectos musicais galegos (grupos, solistas, espectáculos e proxectos discográficos) vixentes e en activo en 2021 que compiten en 17 categorías musicais que recollen os máis variados estilos, ademais dun premio honorífico como homenaxe á traxectoria artística e dedicación á música ao vivo, e os tres premios Organistrum, cos que se pretende recoñecer o labor das salas, festivais e proxectos de comunicación e difusión musical.

22.000€



## Liña Dinamización cultural de asociacións, federacións e colectivos culturais

### Desenvolvemento de verbenas, festas populares ou eventos con actuacións de orquestras

#### Asociación Galega de Orquestras e Asociación de Empresarios da Música da Verbena Galega

Programa de reactivación do sector das orquestras coa realización de verbenas, festas populares ou eventos con actuacións de orquestras por toda Galicia e que inclúe, ademais, a realización de probas piloto para poñer en marcha as verbenas en Galicia e a celebración do Festival de Orquestras, espectáculo en directo, ao vivo, e con público, consistente na concentración de actuacións das orquestras que se celebra de forma simultánea en diferentes cidades de Galicia.

1.240.000€

### Promoción e difusión da música bandística

#### Federación Galega de Bandas de Música Populares

Accións de promoción e difusión da música de banda a través do desenvolvemento do XIV Concurso Galego de Composición, co que se pretende enriquecer o patrimonio cultural galego no intento de cubrir a escaseza de repertorio musical galego para bandas de música; do ciclo de concertos *O país das bandas*, que estas formacións realizan por toda Galicia, e a creación dunha plataforma de xestión integral das bandas.

400.000€

### Programa de intercambio cultural

#### Camiño Escena Norte

#### Camiño Escena Norte AIE

*Camiño Escena Norte* concrétase en Galicia coa programación de nove funcións de compañías de artes escénicas procedentes de Asturias (A66 Producciones e Meraki Cía), Cantabria (Anabel Díez Producciones, Babirusa Danza e La Machina Teatro) e País Vasco (Marie de Jongh e Ados Teatros), baixo a denominación *Itinerario Constelacións*, que se poderán ver en diferentes espazos escénicos ou ben en espazos de alto interese patrimonial e histórico e espazos ao aire libre.

40.000€

### Programación cinematográfica dos cineclubs galegos

#### Federación de Cineclubes de Galicia

Programa de exhibición de filmes entre os cineclubs que integran a Federación de Cineclubes de Galicia artellado a través de ciclos e semanas de cine organizados ao redor dunha temática concreta ou con carácter temporal, manténdose así unha programación estable e de calidade nos cineclubs galegos e impulsando o seu labor de difusión e de creación de públicos.

30.000€

### Programa Música en salas

#### Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo-Clubtura

Desenvolvemento do programa de difusión e promoción da música ao vivo, *Música en salas*, un ciclo de concertos ao vivo en diferentes salas de concertos galegas que estinule a reactivación do sector.

200.000€

### Programa para a danza e as artes vivas

#### Residencias Paraíso

#### Asociación Cultural Colectivo RPM

V edición do programa *Residencias Paraíso*, un programa de impulso da danza e a creación contemporánea en Galicia dirixido a artistas galegos e do resto do territorio nacional que precisen recollerse de forma intensiva arredor dun proxecto de investigación ou creación durante dúas ou tres semanas nun dos espazos que forman parte da rede: Teatro Rosalía Castro, Vello Cárcere de Lugo, Igrexa da Madalena, Centro Torrente Ballester, Pazo de Cultura de Carballo, Pazo da Cultura de Narón, Normal Universidade da Coruña, Salón Teatro de Santiago de Compostela e Cidade da Cultura.

25.000€

### Programa de baile e música tradicional Danza 3 Xacobeo 21-22

#### Federación XOC Agrupacións de danza e música tradicional galega

Proxecto arredor do folclore que desenvolve espectáculos de música e baile tradicional co obxectivo de visibilizar o baile e a música tradicionais de Galicia e que percorre 15 concellos galegos entre os meses de xullo a setembro de 2021 a través de 12 actuacións con formación de baile e acompañamentos e tres actuacións musicais.

58.000€

### Difusión de produción audiovisual nas cidades de Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo

#### Club Cultural Valle-Inclán, Asociación Cultural Cineclube Padre Feijoo, Asociación Cine Club Pontevedra e Cineclube Lumière Vigo

Programa de difusión de produción audiovisual nas cidades de Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, que inclúe a proxección dun mínimo de sete títulos de produción galega, así como unha escolma representativa da diversidade da programación da sala de proxeccións da Filмотeca de Galicia, ademais dun ciclo conmemorativo do Xacobeo 2021.

50.000€

### Accións de promoción, difusión e formación no eido escénico

#### Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas-Escena Galega

Accións de visibilización da actividade profesional e sectorial a través da presenza en feiras e mercados profesionais; de formación e capacitación profesional a través da realización de cursos monográficos, sesións e xornadas formativas; e desenvolvemento de estratexias de difusión tanto en liña coma en medios escritos.

22.000€

### Accións de profesionalización da actividade musical emerxente en Galicia



#### Fundación Paideia Galiza

Accións de profesionalización da actividade musical emerxente en Galicia durante o ano 2021, a través do desenvolvemento de xornadas formativas centradas na xestión do negocio da música e o concurso de bandas galegas emerxentes, que permite achegar recursos a grupos e artistas emerxentes coa finalidade de darlles visibilidade ás súas creacións musicais.

18.000€



### 3. Programación de espectáculos





Este libro,  
*Axencia Galega das Industrias Culturais. Memoria 2021,*  
saíu do prelo  
o 21 de maio de 2022,  
Día Mundial da Diversidade Cultural  
para o Diálogo  
e o Desenvolvemento







# AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

## MEMORIA 2021



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22